

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día trinta e un de outubro de dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Non asiste o deputado don José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de setembro de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE – GRAO DE ENXEÑERÍA FÍSICA.-

O Sr. presidente dá lectura á declaración institucional, que é froito do acordo conxunto dos tres grupos con presenza na Corporación, a iniciativa da Plataforma cidadá que hoxe está presente no salón de sesións, co seguinte contido: O Pleno da Deputación Provincial de Ourense acorda: urxir á Xunta de Galicia e á Universidade de Vigo a que, antes do prazo límite

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

do próximo 1 de decembro, procedan de oficio á iniciación do procedemento de implantación no Campus de Ourense do grao de Enxeñería Física para o vindeiro curso académico 2015-2016.

A continuación pide a palabra o Sr. Iglesias Pérez, do BNG, ao que o presidente lle di que as declaracións institucionais non dan lugar a ningún tipo de debate, senón teríanse presentado como mocións ou calquera outra iniciativa política, pero de igual modo lle cede a palabra.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, intervén para pedirlle compromiso ao Sr. presidente, porque á parte de ser presidente desta Institución é presidente do Partido Popular, polo que o BNG pensa que debería ter a forza suficiente para interceder por este dereito para os ourensáns. Para finalizar quere transmitir unha petición da Plataforma para que se convoque unha comisión formada por deputados e membros da Plataforma para reunirse co conselleiro de Educación e poder desbloquear este tema.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo, e tamén a petición da Plataforma, pide que se convoque esa comisión, porque entenden que a boa vontade que poida ter esta Institución poida que non se corresponda co que ten que facer a Consellería de Educación, polo que pide que as boas palabras pasen aos feitos polo ben da provincia.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2015.-

O Sr. presidente anuncia, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces, que o debate deste punto será conxunto co punto seguinte.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o BNG non está de acordo coa proposta, algo que pode parecer lóxico, pero que non difire para nada da posición do resto dos representantes na Mesa Xeral de negociación. A proposta de que as prazas de xefe de área, xefe de servizo e directores dos distintos centros da Deputación (Marcos Valcárcel, Teatro Principal e Paco Paz) serán cubertas por libre designación, é dicir, a dedo, representa calquera cousa menos un modelo democrático. Pregúntase se esta é a modernidade da que tanto fala o Sr. presidente e se este é o seu xeito de entender e aplicar a transparencia nesta Institución. Para o BNG o que subxace detrás de todo isto non é máis que un aviso a navegantes ao tempo que supón o pagamento á traizón dalgúns xefes de servizo que ousaron declarar en contra do pai do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

presidente e anterior presidente desta Deputación. Desde o BNG propoñen unha nova nomenclatura para esta casa, en vez de Deputación Provincial, que se chame Depuración Provincial. Nunca un nome foi tan acaído, xa que ao entender do BNG o Sr. presidente está axustando contas. Xa no cumio do esperpento, a proposta de equiparar o complemento específico dos funcionarios do grupo A-2 cos do grupo A-1 é sinxelamente surrealista, tanto pola súa xustificación como pola súa aplicación concreta. O que non explican (quizás iso debería facelo o promotor da proposta) é que subxace detrás dela, e cal é a intencionalidade coa que se fai. O dramático da historia é que para xustificar o inxustificable, haxa que facerlle o encargo a unha consultora externa. Sinxelamente lamentable. Desde que chegou o Sr. presidente o único que fixo foi engordar o capítulo de asesores, externos, internos e con media pensión. Agora vai un pouco máis aló contratando asesores dos asesores. A previsión de nomear catro novos asesores vai na liña definida polo Sr. presidente de rodearse dun grupo de acólitos que non cuestionen para nada as decisións que toma. Que lonxe quedan aqueles tempos nos que o seu pai confiaba cegamente na xente da casa, ata o punto que o día que se despedía desta Deputación proclamaba o seu amor infinito aos traballadores que durante tantos anos foron decisivos na conformación das sucesivas maiorías: *“Vós sodes os meus traballadores, non sodes os traballadores da Deputación”*. Qué tempos aqueles; Anuncia que votarán en contra dos dous puntos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que votarán en contra dos dous puntos. É obvio que voten así porque estes dous temas están relacionados co propio orzamento. O Grupo Socialista tiña a intención de debater os orzamentos cun criterio obxectivo, pero o nivel de cabreo que ás veces se colle nesta casa fai que mude a idea inicial que pode traer un, para que non o acusen de demagoxia ou de ser o peor desta casa (ás veces así o di o Sr. presidente en declaracións públicas). Hoxe saen noticias nos xornais que tiñan que ser debatidas nas comisións informativas (ás que o presidente leva non sei cantas sen aparecer) como unha emenda de reasignación de persoal da que eles non tiñan constancia porque ninguén lla explicou. El pediu as actas da Mesa Xeral de Negociación nas que os traballadores votaron en contra (cre que é a primeira vez que ocorre). Coincide co portavoz do BNG en que nomear aos xefes de servizo a dedo ten que ver máis cun recado a navegantes que outra cousa. Supón que se os traballadores votaron en contra foi por algo e supón que o portavoz do PP lles explicará a que veu ese cambio que non se explicou nas comisións e a ver se os convence de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

que están errados ou non. Imos a golpe de ocorrencia, a golpe de negociacións que non frutifican porque os traballadores votan en contra desta RPT. Reitera o voto en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, quere centrarse no que é a RPT, porque cre que nas intervencións da oposición se utilizaron criterios frouxos. A RPT constitúe un instrumento técnico para a xestión dos recursos humanos nas administracións públicas. Sen lugar a dúbidas, cumpre un papel complexo nos procesos de toma de decisións, de aí que teña un carácter dinámico e que se vaia modificando todos os anos segundo as propostas que se presentan (a oposición tamén pode presentalas). As modificacións da RPT para 2015 con respecto á de 2014, introdúcense co fin de continuar e profundar no labor de reestruturación iniciada xa na RPT de 2013 e 2014, no marco da previsión do Plan Ourense 92, orientado ao obxectivo de redución de gasto, incremento da eficiencia e potenciación da cooperación cos concellos, que constitúen o núcleo duro das competencias provinciais. Esta liña de acción, como ben se di na memoria da RPT, oriéntase en torno ós seguintes obxectivos estratéxicos: en primeiro lugar, e trala importante redución do gasto público no capítulo I dos orzamentos acadada nos exercicios 2013 e 2014, mantense como obxectivo a contención do dito gasto sen renunciar, de ser posible, a acadar unha redución maior. Sen prexuízo do anterior, debe potenciarse, dende unha perspectiva cualitativa, o obxectivo de acadar un maior grao de tecnificación e cualificación da administración provincial, mediante a potenciación da formación continua (aposta do Sr. presidente e do seu equipo de goberno) como instrumento para a progresiva mellora da cualificación do persoal existente e mediante a incorporación do persoal técnico imprescindible para a mellora da prestación dos servizos provinciais. En todo caso, debe continuarse o esforzo de procurar unha organización máis racional e eficiente, á vista das posibilidades que ofrecen os efectivos dispoñibles, mediante axustes organizativos. A RPT que se presenta hoxe para o ano 2015, que foi negociada en numerosas reunións formais cos representantes dos traballadores (e outras non formais) baséase fundamentalmente en dous principios: a disciplina orzamentaria, é dicir, non gastar en custos laborais máis do previsto no capítulo I do presente orzamento e tamén na sostibilidade fiscal, é dicir, priorizar nos servizos de carácter obrigatorio e renunciar ás actividades voluntarias sen base fiscal sólida. Ao mesmo tempo, ten como obxectivos os seguintes: a eficacia na prestación dos servizos provinciais e a eficiencia na utilización dos recursos económicos. En definitiva, o obxectivo último é procurar unha organización máis racional e eficiente. Esta RPT ofrece as seguintes novidades: a redución

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

do gasto público no capítulo I do orzamento para o ano 2015 (no ano 2011 o capítulo I achegábase aos 30 millóns de euros; no ano 2012 achegábase aos 29,1; no ano 2013 a 27,8; no ano 2014 a 27,6 e no ano 2015 a 26,9). Hai que destacar tamén como novidade importante desta RPT a optimización dos recursos existentes (amortízanse 18 prazas do Cadro de Persoal); modifícase o sistema xeral de valoración de postos, suprimindo o tramo fixo de complemento específico e substituíndoo por un novo factor de dificultade técnica (formación continua), unha aposta importante do presidente e do seu equipo de goberno. As razóns que motivan esta importante modificación son, principalmente, de carácter xurídico, e derivan da doutrina contida na sentenza 22/2012 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Esta sentenza obrigou ao concello de Celanova a modificar a súa valoración de postos de traballo no relativo ao establecemento dun tramo fixo dentro do complemento específico. Introdúcense tamén modificacións en materia de provisión de postos de traballo. Nese sentido, as determinacións que recolle a RPT no réxime de provisión de postos de traballo, son as seguintes: O concurso ordinario é o procedemento común de provisión de postos. Os procedementos de concurso específico e libre designación só poderán utilizarse nos casos previstos nos seguintes apartados: O concurso específico poderá establecerse para a provisión de postos singularizados que ademais teñan características que aconsellen a valoración de méritos ou calidades específicas (creatividade, habilidades directivas, especial coñecemento dunha materia ou outros análogos). O procedemento de libre designación será de aplicación para a provisión dos postos de dirección de área, xefaturas de servizo e postos equivalentes e a postos de apoio directo á Presidencia, así como para a provisión dos postos reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, nos casos en que a súa normativa específica prevea esta forma de provisión. Pregunta en qué administración non se aplica este sistema (por exemplo ode goberna ou cogoberna a oposición). Para estes efectos, consideraranse equivalentes ás xefaturas de servizo os postos de dirección de centros culturais, educativos e deportivos. A modificación do sistema de provisión dun posto de traballo en ningún caso terá carácter retroactivo. Como regra xeral, os procedementos de provisión dos postos de traballo clasificados na RPT estarán abertos exclusivamente á participación do persoal da Deputación Provincial que reúna os requisitos establecidos en cada caso. Non obstante o anterior, os funcionarios de carreira da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas e doutras entidades locais, así como dos organismos e entes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

públicos dependentes de calquera delas nos seguintes casos, poderán participar nos procesos de provisión de postos nos seguintes casos: postos que correspondan a direccións de área, xefaturas de servizo e postos de dirección de centros culturais, educativos ou deportivos; postos singularizados de especial relevancia reservados a funcionarios do subgrupo A1, cando a RPT prevea expresamente esta posibilidade. As bases reguladoras dos procedementos de provisión de postos establecerán as escalas, subescalas, clases e categorías de funcionarios estatais, autonómicos e locais equivalentes ás propias da Deputación que se esixirán para a participación nos ditos procedementos. Destaca como novidade importante da RPT a consolidación da estrutura organizativa provincial en seis áreas, xa prevista no Plan Ourense 92: Administración Xeral, Facenda, Benestar, Medio Ambiente, Infraestruturas e Cultura e Deportes. Unha aposta clara e decidida do presidente desta Deputación e do seu equipo de goberno que se vai consolidando paso a paso ou que xa está consolidada. Para concluír, destaca as seguintes novidades da RPT: faise unha aposta firme e decidida pola creación dun negociado de transparencia e información cidadá; apóstase pola promoción interna dos empregados públicos e aplícase a nova ordenanza de contratación laboral temporal, na que os tribunais se designarán por sorteo. Avanza que no día de onte se lle entregou á comisión de control o proxecto de bases para iniciar a elaboración das listas para contratacións temporais. Con esta RPT apóstase clara e firmemente pola disciplina orzamentaria, pola tecnificación e a cualificación da administración provincial e por unha estrutura organizativa máis racional e eficiente. En canto ao Plan de Ordenación de Recursos Humanos di que é unha consecuencia máis das modificacións puntuais na estrutura obxectiva de postos de traballo da administración provincial que introduce a RPT. Como medidas para destacar manifesta que se mantén a declaración de subescada de subalternos de administración xeral como subescala para extinguir (medida xa introducida en 2014). O Plan de RRHH 2014 prevía a unificación das categorías de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais nunha única categoría de chofer de maquinaria (non se remataron os traballos pero continuarase con esa iniciativa). Establécense normas especiais para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT de 2015.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que lle ten que amargar o papel que fai. Se a intervención de quen fala foi frouxa a do Sr. Álvarez Dobaño foi intensa para dicir moito e non dicir case nada. Pregunta se a formación continua é a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

continua contratación de asesores (no debate do orzamento tratará de explicar por qué non se contratan máis). Insiste en que estamos diante dunha vendeta e dun axuste de contas. Con respecto á sentenza de Celanova di que non ten nada que ver con esta Deputación, xa que en Celanova había uns complementos onde o bedel tiña unha gratificación de perigosidade idéntica á da policía local e iso é unha aberración. Chamoulles a atención que cando se presentaron os orzamentos do futuro, do cambio, da intelixencia da provincia, que non estiveran presentes nin a Sra. interventora nin o xefe do servizo na súa presentación. Para o BNG hai cousas que constitúen un verdadeiro esperpento, como equiparar o complemento específico dos funcionarios do grupo A-2 cos do grupo A-1 que non ten xustificación. Por moito que o portavoz do Grupo Popular dea a información detallada, no esencial, aínda que sexa con criterios frouxos, o BNG busca onde quitar o gran da palla, e o gran que saca o BNG é o que dixo e en moitos casos unha democracia pensada á maneira do Sr. presidente, que defende moi ben o seu portavoz (que é un Messi dos portavoces) pasando toda a información que deu, que acaba, en moitos casos, por facerlles desconectar a eles a aos que están escoitando.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o Sr. Álvarez Dobaño ten que facer o papel que ten que facer. Desde o seu punto de vista persoal pode que non sexa un Cristiano Ronaldo ou un Messi dos portavoces, pero comparativamente con algún que está en despachos non moi lonxe de aquí hai boa diferenza, porque aquel sempre dicía que con estes vimbios non se poden facer outros cestos. Manifesta que os seus argumentos estarán collidos polos pelos, pero os que se tiran dos pelos son os traballadores desta casa. Non vai atacar ao portavoz do Grupo Popular, porque a quen ten que atacar é ao autor intelectual destas cuestións, que é o Sr. presidente. Coincide co portavoz do BNG en que en moitos aspectos isto é un axuste de contas e en que hai fotos que evidencian o que están a dicir. En canto ao negociado de transparencia (que si é colleita propia do presidente) di que o Grupo Socialista está recibindo moitas chamadas de persoas indignadas porque os titulares din unhas cousas e despois ven as cousas que pasan aquí e non dan crédito. Antes non se facía iso, apandábase con que se facía e non se vendía o que non se fai. Falan de ser unha administración racional e eficiente, polo que se pregunta se ata agora non o foi. O Grupo Socialista sempre votou en contra dos orzamentos, polo que moitos dos deputados do Grupo Popular que estaban antes terían que dimitir, porque sempre apoiaron uns orzamentos que non eran nin racionais nin eficientes e a RPT incumpría todo. O que se desprende dos argumentos do Grupo Popular é que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

desde que chegou este presidente se modificou todo o que se tiña que modificar porque todo era un desastre. Unha cuestión de intelixencia política sería invitar aos grupos da oposición ás mesas de negociación para tratar cousas importantes que lles afectan aos traballadores e ao futuro da institución. Por unha banda falan do negociado de transparencia e por outra parte os grupos da oposición non saben o que se negocia, porque non se leva ás comisións. Fálase de que se potenciará a formación continua desta casa e o Grupo Socialista sempre dixo que a formación continua nesta casa sempre foi boa, pero o problema é para qué se fai tanta formación continua se despois a realidade, por moito que vendan a transparencia, é que iso todo non serve para nada porque o máis importante é ter o carné do Partido Popular entre os dentes. Queda moi bonito dicir optimización de postos para ser unha administración racional e eficiente cuns postos adaptados á súa categoría, pero os propios documentos dos orzamentos recollen cousas moi curiosas como que para ser persoal de alta dirección se esixa o Bacharelato Superior, como pasa no INORDE (ao final vaise esixir máis titulación para ser chofer que para dirixir o INORDE), ou que unha persoa que fixo Farmacia dirixa os plans europeos da Deputación (así nos vai). Pregúntase qué RPT están contando e qué eficiencia e qué eficacia. Os seus argumentos serán collidos polos polos ou serán pobres, pero son a realidade desta casa. Pensa que no debate dos orzamentos poderá demostrar que o que dixo o portavoz do Grupo Popular non ten nada que ver coa realidade. O gran engano tamén está en que se racionaliza o capítulo I, pero logo hai que ver o capítulo II, e veranse cousas curiosas, algunhas de como se fan algunhas contratacións, porque a eles tamén lles contan cousas que ao mellor nin sequera sabe o portavoz do Grupo Popular.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, reitera que el antes se preguntou en qué administración non se aplica o procedemento da libre designación, outra cousa é como. Quere lembrar, sen acritude, que agora mesmo hai catorce prazas de xefes de servizo e que están todas cubertas por concurso, polo que se pregunta a que ven ese *tremendismo* e a qué vendeta se refiren e se saben como se vai facer, con quen e de qué xeito, porque el non o sabe. En canto o de Celanova, xa apuntou que a sentenza non nos obrigaba a nada, simplemente, á vista dela, fixéronse os deberes antes, porque ningún traballador desta casa presentou ningún tipo de recurso ao respecto. O Sr. Gómez Pérez dá a entender que houbo un desencontro total e absoluto cos representantes dos traballadores e iso non é verdade, porque houbo moitos puntos de acordo. En todo caso, a discrepancia é lexítima. Con relación á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

valoración de postos de traballo xa dixo que a RPT é dinámica e xa se fará cando corresponda, trala negociación previa cos representantes dos traballadores. En canto á participación dos grupos da oposición na Mesa Xeral dilles que non presentaron ningunha proposta, iso que tiveron oportunidade de facelo. Pensa que a formación continúa é unha aposta importante coa que o grupo de goberno e traballadores están de acordo. Tamén pensa que algún tipo de curso ten que ser de asistencia obrigatoria, sobre todo os referidos aos postos de traballo que se desempeñan. Iso é mirar polo bo funcionamento desta casa. Reitera que se está creando un negociado de transparencia que ata agora non o había. Non se está criticando o pasado, simplemente estase tratando de adaptar o funcionamento desta Deputación ás esixencias da actualidade, aos tempos que corren, porque é o que demandan os cidadáns.

Intervén o **Sr. presidente** para aclararlle ao portavoz do Grupo Socialista, que falou dun titular dun medio de comunicación que aparece hoxe, que ese titular podía ter saído o venres pasado porque se tratou na comisión correspondente o pasado 23 de outubro, mediante unha emenda da Presidencia, que foi aprobada polo Grupo Popular e coa reserva de voto do Grupo Socialista e do BNG. Así se recolle na acta da comisión informativa.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a aprobación inicial da RPT 2015, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo 2015 do persoal da Deputación Provincial de Ourense, segundo o documento que consta no expediente.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 15 días hábiles, o documento inicialmente aprobado, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estar serán resoltas polo Pleno.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2015.-

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente co anterior.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2015 da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

I. Memoria Xustificativa:

Continuando a liña seguida nas Relación de Postos de Traballo precedentes, a RPT 2015 só introduce modificacións puntuais na estrutura obxectiva de postos de traballo da administración provincial, modificacións que esixen a adopción de medidas de reordenación do persoal ó servizo da administración provincial e que precisan, para a súa implementación, da elaboración e aprobación dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos.

Estas medidas, que constitúen o obxecto do presente Plan de Ordenación, son as seguintes:

a) Medidas de reestruturación do cadro de persoal: mantense a declaración da subescala de subalternos de administración xeral como subescala a extinguir – medida que fora introducida por vez primeira polo Plan de Ordenación de Recursos Humanos de 2014, ó tratarse dunha subescala que xa non está prevista na estrutura da función pública deseñada polo Estatuto básico do empregado público.

b) Medidas de reestruturación do cadro laboral: o Plan de Ordenación de RR.HH. do exercicio 2014 prevía a unificación das categorías de Chofer Especialista e Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais nunha única categoría de Chofer de Maquinaria, sen prexuízo da posibilidade de establecer subcategorías especializadas para aqueles que dispoñan de carnés para conducción de vehículos especiais que legalmente o requiran, establecéndose, ó respecto, a obriga de realizar un estudo para o efecto ó longo de 2014, cunha proposta de plan especial de ordenación de recursos humanos con esa finalidade. Malia que se iniciaron os ditos traballos de estudo, non foron rematados ata a data, polo que o Plan 2015 mantén esta medida.

c) Normas especiais para a provisión dos postos de traballo establecidos na R.P.T. 2015: establécese a utilización do procedemento especial de reasignación de efectivos en tódolos supostos de persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo. O dito persoal será reasignado pola Presidencia ós postos de traballo que substitúan ós suprimidos, sen que a dita reasignación poida supoñer mobilidade xeográfica.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

Non obstante o anterior, non será de aplicación esta norma nos casos en que os postos de nova creación teñan asignado un complemento de destino diferente ó suprimido. Nestes supostos, o novo posto será provisto en propiedade segundo o procedemento ordinario que corresponda. O titular do posto suprimido será adscrito a un posto de traballo axeitado á súa categoría profesional ata tanto non obteña un novo posto de carácter definitivo, conservando en tanto dure esa situación as retribucións do posto suprimido.

d) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2015: recóllense os criterios xerais para a elaboración da oferta de emprego público 2015, conforme ás previsións do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio.

II. Determinacións do Plan.

1) Medidas para a reestruturación do cadro de persoal:

a) Determinación das Escalas e Subescalas do Persoal Funcionario de Carreira da Deputación Provincial de Ourense:

O cadro de persoal da Deputación Provincial de Ourense quedará integrado polas seguintes escalas, subescalas, clases e categorías:

1) Escala de Administración Xeral

- Subescala Técnica:

Grupo de titulación: A1

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala de Xestión:

Grupo de titulación: A2

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala Administrativa:

Grupo de titulación: C1

Titulación de acceso: Bacharelato ou Técnico ou equivalente.

- Subescala Auxiliar:

Grupo de titulación: C2

Titulación de acceso: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

- **Subescala Subalterna:**

Grupo de titulación: Agrupación Profesional sen requisito de titulación.

Observacións: categoría a extinguir.

2) Escala de Administración Especial:

2.1) Subescala Técnica, estruturada nas seguintes clases e categorías:

a) Clase Técnico superior (A1)

- Técnico superior en Administración Financeira e Tributaria.
- Letrado da Deputación Provincial.
- Enxeñeiro de Obras e Servizos Provinciais.
- Enxeñeiro Superior Industrial.
- Arquitecto
- Veterinario.
- Técnico Superior de Laboratorio.
- Tradutor de Lingua Galega.

b) Clase Técnico Medio (A2)

- Asistente Social.
- Técnico Especialista en Laboratorio.
- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.
- Enxeñeiro Técnico Agrícola.
- Enxeñeiro Técnico Industrial.
- Arquitecto Técnico.

c) Clase Técnico Auxiliar (C1)

- Oficial de Obras e Servizos.
- Oficial Técnico de Obras.
- Delineante.
- Técnico Auxiliar Agrícola.

2.2) Subescala de Servizos Especiais, estruturada nas seguintes clases e categorías:

2.2.1) Clase Prazas de Cometidos Especiais

- Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A1).
- Técnico Superior en Administración Cultural (A1).
- Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais (A1).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

- Técnico Superior en Xestión de Instalacións Deportivas Municipais (A1).
- Enxeñeiro Superior en Informática (A1).
- Xestor de Administración Cultural (A2)
- Enxeñeiro Especialista en Informática (A2).
- Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional (A2).
- Técnico Especialista en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A2).
- Técnico Especialista en Xestión Tributaria e Recadación (A2).
- Técnico Especialista en Xestión Orzamentaria e Contable (A2)
- Técnico Especialista en Prevención de Riscos Laborais (A2).
- Técnico Especialista en Medio Ambiente (A2)
- Oficial Técnico en Seguridade e Saúde (C1).
- Técnico Superior Informático (B).
- Técnico Auxiliar Informático (C1).
- Técnico Auxiliar en Medio Ambiente (C1).
- Auxiliar Técnico de Recadación e Xestión Tributaria (C2).
- Auxiliar Informático (C2).
- Programador Informático (C1). Categoría a extinguir.

2.2.2) Clase Persoal de Oficios

- Rexente de Edificios e Instalacións (C1). Categoría a extinguir.
- Axudante de Obras e Servizos (C2). Categoría a extinguir.
- Chofer de Presidencia
- Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2).
Categoría a extinguir.
- Chofer Especialista (C2). Categoría a extinguir.
- Mecánico – Electricista – Soldador (C2). Categoría a extinguir.
- Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir.

b) Determinación de categorías profesionais para o persoal laboral fixo

Con efectos de data 1 de xaneiro de 2015, o cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense quedará estruturado nas seguintes categorías profesionais:

- Técnico medio de asistencia ós grupos políticos (A2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

- Profesor Superior de Gaita (A2).
- Profesor Axudante de Gaita (C1).
- Profesor de Percusión (C2).
- Profesor Superior de Danzas, Pandeireta e Canto (A2).
- Profesor Axudante de Danzas, Pandeireta e Canto (C1).
- Oficial Técnico de Escenario, Luces e Son (C1).
- Oficial de Explotacións Agropecuarias (C1).
- Oficial de Obras e Servizos (C1).
- Oficial de Edificios e Instalacións (C1).
- Administrativo do Grupos Políticos (C1).
- Axudante do Centro de Cultura Popular *Xaquín Lorenzo Fernández* (C2).
- Axudante de Imprenta (C2).
- Axudante de Escenario, Luces e Son (C2).
- Maquinista (C2).
- Axudante de Obras e Servizos (C2).
- Auxiliar de Servizos (C2).
- Auxiliar de Servizos de Recollida de Animais Abandonados (C2)
- Auxiliar Técnico de Obras (C2).
- Auxiliar Técnico de Laboratorio (C2).
- Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2).
- Chofer Especialista (C2).
- Albanel (C2).
- Mecánico – Electricista- Soldador (C2).
- Chapista (C2).
- Pintor (C2).
- Capataz de Explotacións Agropecuarias (C2).
- Capataz de Zonas Verdes e Limpeza Viaria (C2).
- Tractorista (C2).
- Cociñeiro (C2). Categoría a extinguir.
- Conductor Especialista de Explotacións Agropecuarias (C2).
- Construtor de Gaitas e Instrumentos Musicais Tradicionais de Galicia (C2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

- Operario do Centro de Cultura Popular *Xaquín Lorenzo Fernández* (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Operario de Mantemento (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Telefonista (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Axudante de Soldador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Peón Agrícola (Agrupación Profesional sen requisito de titulación).
- Operario sen Cualificar (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Operario Limpador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Porteiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Legoeiro Especialista (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
Categoría para extinguir.
- Operario de Báscula (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
Categoría para extinguir.
- Auxiliar de Biblioteca (A2). Categoría para extinguir.

c) Normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal:

As titulacións de acceso ás categorías profesionais do persoal laboral e ás escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario estableceranse nas bases reguladoras das correspondentes convocatorias, atendendo ó disposto na lexislación educativa vixente e procurando, na medida do posible, a apertura ó maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ó contido dos respectivos ciclos formativos, un grao de coñecemento suficiente para as funcións xenéricas da categoría.

d) Elaboración dun plan especial para a unificación e estruturación das categorías profesionais de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais:

Durante o exercicio 2015 deberá completarse o estudo, iniciado xa no 2014, das posibilidades, dende o punto de vista técnico e legal, de unificación e estruturación das categorías profesionais de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, co obxectivo de facilitar a mobilidade profesional do persoal destas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

categorías e, ó mesmo tempo, acadar unha maior eficiencia na asignación dos recursos humanos dispoñibles para os distintos postos reservados a estas prazas. O dito estudo levarase a cabo polo Servizo de Recursos Humanos, coa asistencia do Parque de Maquinaria, e incorporará unha proposta de plan especial de ordenación de recursos humanos, co fin de poder ser obxecto de negociación na Mesa Xeral.

2) Procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT:

1. Procedementos de acceso a postos de 2ª actividade:

Os procedementos de acceso a postos de 2ª actividade vacantes a partir do 1 de xaneiro de 2015 estableceranse por resolución da Presidencia no primeiro trimestre do exercicio, trala negociación previa do seu deseño e contido na Mesa Xeral de Negociación.

2. Normas relativas a persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo: nestes supostos, o novo posto será provisto en propiedade segundo o procedemento ordinario que corresponda. O persoal afectado pola supresión dos seus postos serán adscritos a un posto de traballo axeitado á súa categoría profesional – incluíndo a posibilidade de adscrición provisional ao posto de nova creación - ata tanto non obteña un novo posto de carácter definitivo, conservando en tanto dure esa situación as retribucións do posto suprimido. Nestes supostos, a convocatoria do procedemento ordinario de provisión deberá realizarse no primeiro trimestre de 2015.”

3. Normas relativas aos postos obtidos por libre designación: os funcionarios que accedan a postos obtidos mediante procedementos de libre designación, terán, en caso de cesamento, dereito á asignación dun posto co mesmo nivel retributivo e funcións similares ao que anteriormente obtiveran por concurso.

3) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2015:

Os criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2015 serán os seguintes:

1º) A oferta pública de prazas de acceso libre elaborárase consonte cos criterios que determine a Lei xeral de orzamentos do Estado vixente e, en todo caso, restrinxida a aqueles supostos que se consideren absolutamente prioritarios para o funcionamento da administración provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

2º) En todo caso, a oferta de emprego público incluírá a totalidade de prazas dos subgrupos C1 e C2 que se atopen vacantes e sexan susceptibles de cobertura mediante procedementos de promoción interna.

3º) En ningún caso poderán incluírse na oferta de emprego público prazas declaradas para extinguir no presente Plan.

4) Normas sobre concesión de prórroga do servizo activo a persoal funcionario que exceda dos sesenta e cinco anos de idade.

1. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ó cumprir a persoa a idade legalmente establecida, actualmente fixada en sesenta e cinco anos.

Non obstante o anterior, o persoal funcionario poderá solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, no seu caso, por períodos dun ano renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara solicitude en prazo, declararase de oficio a xubilación forzosa.

2. A aceptación ou denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre a base dalgúns dos criterios seguintes:

a) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante.

b) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada mediante resolución, ditame ou informe médico.

c) A existencia de razóns organizativas que determinen a denegación da prórroga do servizo activo.

A estes efectos, e ó abeiro do establecido no artigo 49 do Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, decláranse como razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo as seguintes:

- A innecesiedade do posto para a normal realización das funcións correspondentes á unidade administrativa na que se encadre. A dita innecesiedade deberá acreditarse mediante informe detallado emitido polo director da Área correspondente, ou, no seu defecto, polo director do centro, servizo ou unidade de que se trate, sen prexuízo da incorporación ó expediente de cantos informes adicionais se consideren convenientes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

No suposto en que a solicitude de prórroga sexa denegada por esta razón, o posto deberá ser suprimido na primeira modificación da RPT que se tramite, e ata tanto non se leve a efecto a supresión, non poderá ser obxecto de provisión temporal ou definitiva por ningún medio.

- A existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

3. Procederá tamén a xubilación dos funcionario en situación de prórroga do servizo activo, previa instrución de expediente que poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física o psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

4. En calquera caso, será preceptiva a audiencia no expediente do interesado.

5) Normas sobre entrada en vigor e vixencia do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2015.

As disposicións de natureza normativa do presente Plan de Ordenación de Recurso Humanos entrarán en vigor ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sen prexuízo da súa retroactividade, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, nos casos expresamente contemplados nas ditas disposicións normativas. En todo caso, non terán efecto retroactivo as disposicións restritivas de dereitos dos empregados públicos.

O Plan terá vixencia indefinida ata a súa substitución ou modificación por un Plan posterior ou norma de superior rango xerárquico.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, a documentación inicialmente aprobada, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estas serán resoltas polo Pleno.

5º.- RATIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED, PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL E Á LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

Cultura e Deportes.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Ratificar o acordo adoptado polo Padroado do Consorcio da UNED, de data 16 de outubro de 2014, de modificación dos estatutos do dito consorcio para adaptalos á Lei de racionalización e sostibilidade da administración local e á Lei de racionalización do sector público.

6º.- APROBACIÓN DO HIMNO OFICIAL DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. García Ferradal, instrutor do expediente, para que expoña o contido da proposta.

D. Avelino García Ferradal, do Grupo Popular, di que hoxe non é un día calquera (podería ser un titular dun programa de radio nacional). O Sr. presidente, antes de entrar no Pleno, dicía que este día era importante porque se van aprobar os orzamentos desta casa, pero iso é algo que se fai todos os anos. Hoxe traemos algo que é para a vida. Non quere facer as comparativas históricas de que en 1906 se aprobaba na Habana o himno galego coa música de Pascual Veiga e o poema de Eduardo Pondal, que se ratificou en 1909 en Galicia. Para Ourense este feito é tan importante como aquel, porque a música e a letra de Ourense no Solpor, de Manuel de Dios, hoxe poden quedar marcadas nos anais da historia como o himno provincial. Xa hai tempo que se están realizando os trámites para a aprobación deste himno e desde aquí quere agradecer a todos os que participaron e colaboraron cos seus traballos para chegar ao día de hoxe cunha unificación de criterios para facer un himno provincial. Un dos símbolos importantes dun país, dun estado, dunha nación ou dunha provincia, é o himno, que nos pode identificar. Desgraciadamente isto non nos vai dar un maior estatus económico, pero si unha maior unidade de criterio á hora de dicir: *eu son de Ourense*. Espera que a partir de hoxe se poida cantar Ourense no Solpor como o himno de Ourense, e a súa estrea oficial podería ser o próximo día 11 de novembro na entrega do Premio Ourensanía.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, non sabe se hoxe será un día histórico ou non para a provincia. Histórico sería que neste país non houbera desigualdades, que uns poucos non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

tiveran a riqueza de moitos, que non houbera corrupción, que non houbera pobreza, e para esta provincia histórico sería que se nos comparase co Eixo Atlántico e que non foramos a zona deprimida de Galicia. Sen quitarlle importancia ao feito histórico que se está a valorar, hai cousas moito máis importantes. Desde o BNG valoran moito a figura de Manuel de Dios (xusto hoxe que é o día do docente) e como valoran moito o seu legado cústalles moito non votar a favor. Hoxe a situación administrativa do noso país e do Estado en xeral, está en proceso de muda, e son moitas as voces (incluso do PP) que buscan ou intentan atopar un cambio na configuración, incluso poñendo en interdito a figura da provincia. Non sabe se é o mellor momento para sacar adiante este himno e darlle o valor transcendental que lle vén á provincia de Ourense. Sen quitarlle valor á persoa que informa a proposta e sen menosprezar o seu labor, entenden que sería máis acaído que a proposta partira dun comité de expertos que fose máis plural. Para o BNG esta é unha situación comprometida, porque lles gustaría enxalzar a figura de Manuel de Dios (profesor de moitos), pero non lles parece nin o máis acaído, nin a mellor forma de facelo, nin o máis importante para esta provincia.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo tamén valora a figura de Manuel de Dios. Falando a nivel persoal di que non sabe se será un día histórico, porque el non é moito de bandeiras nin de himnos, aínda que os valore e os contemple como unha identidade propia dun territorio, dunha comunidade ou dun país. Coincide plenamente co portavoz do BNG. Manifesta que el ten un cativo africano que é galego e ourensán, pero que naceu en África e impórtalle máis que poida realizar a súa vida no territorio no que el queira. Con isto quere dicir que, aínda sendo importante, non cre que este sexa un día tan importante como expuxo o Sr. García Ferradal. Non poñen en dúbida os coñecementos da persoa que fixo o informe, pero tería sido mellor que fosen máis persoas as que apoiasen esta proposta e poder resaltar máis a figura de Manuel de Dios, pero iso non vai ser un impedimento para que o Grupo Socialista vote a favor da proposta do himno.

D. Avelino García Ferradal, do Grupo Popular, entende que as circunstancias que se viven hoxe non son as mellores, pero tamén está seguro de que no ano 1906 tampouco eran as máis apropiadas cando se quixo aprobar o himno galego. Non obstante, aquel puñado de intelectuais apoiaron a idea porque crían en Galicia. O Grupo Popular cre en Ourense e pensa que isto é parte do orgullo dos ourensáns e así o himno poderá formar parte das nosas vidas a partir de agora. Di que extraoficialmente había outros informes paralelos e todos apuntaban ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

mesmo, por iso non houbo ningunha dúbida á hora de decidir que a obra de Manuel de Dios era a que tiña que ser o himno de Ourense. Agradece o voto favorable do Grupo Socialista e lembra que foi ese grupo o que presentou unha iniciativa no Concello de Ourense e raíz diso o presidente da Deputación decidiu tralo aquí para que fose o himno da provincia de Ourense. A historia recollerá que hoxe é o día que se aproba o himno ourensán, e a historia escríbese de moitas maneiras.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, sen ánimo de polemizar, e moito menos neste tema, di que si que é certo que se presentou no Concello de Ourense pero a actitude do Partido Popular non foi a mesma que a do seu grupo na Deputación. Agradécelle ao instrutor do expediente que valore a súa postura, pero quere que quede constancia que non todos actuamos igual cando tratamos cuestións institucionais.

O **Sr. presidente** di que, tratándose do himno da provincia, o que hai que facer é tratar que o acordo sexa o máis institucional posible, polo que somete a votación a súa aprobación e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Declarar a obra de Manuel de Dios “Ourense no Solpor” como himno oficial da provincia de Ourense.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para público e xeral coñecemento.

7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO N.º 1/2014, DO INORDE.-

A Sra. interventora expón o contido do ditame da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, adianta que votarán en contra, entre outras cousas porque non entenden xustificables nin os gastos que se contraen, nin qué relación teñen cun organismo cuxo obxectivo é dinamizar economicamente a provincia de Ourense. Pregunta se contribúe a este cometido o Club de Pesca Fluvial Arenteiro. Para o BNG isto é unha tomadura de pelo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que votarán en contra e non vai entrar en debate porque cando se debata o orzamento xa terá oportunidade de falar do INORDE e dirá algunha cousa pola cal, ao mellor, o orzamento non debería ter validez.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

O outro día escoitaba algunha declaración que facía o Sr. presidente de que o Grupo Socialista sempre lle poñía a cambadela ás cousas que se facían e que sempre votaba en contra e que eran o peor do peor na institución. O Grupo Socialista vota en contra deste tipo de expedientes, independentemente de quen sexan os agraciados e de que teñan ou non teñan razón, polo procedemento utilizado. A algún asesor desta casa que se vai presentar no Concello de Ribadavia vaille custar explicalo. Sen dicir que non o merezan, a unha festa como a do Esquecemento dáselle subvencións nos orzamentos ou nas modificacións que se fan na Deputación e despois, a través do INORDE, dáselle outros 12.000 euros a outra asociación que tamén van para a festa do Esquecemento (Asociación Cultural Civitas Limicorum). En todo caso, nesta Deputación seguen facendo o que lles peta e o que lles dá a gana e utilízanse mecanismos para vender unha cousa e despois faise a contraria. Cre que a función do INORDE é extinguirse e reitera o voto en contra do seu grupo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, lembra que con data 23 de outubro do presente ano o Consello Reitor do INORDE acordou aprobar a modificación n.º 1/2014 das bases de execución do seu orzamento, solicitándose ao Pleno da Deputación que no exercicio das facultades que lle corresponden, conforme co artigo 14 dos seus estatutos, se proceda á aprobación inicial do dito expediente. Con esta modificación dáselles resposta a peticións que recibe o Sr. presidente da Deputación, unha vez valoradas e consideradas de importancia para a provincia. O INORDE fomenta o turismo e outro tipo de actividades, de aí que asumise as funcións do Padroado de Turismo. Esta proposta de modificación cumpre coa normativa xeral de subvencións e especificamente coa ordenanza xeral de subvencións, na que está o límite do 20% para as subvencións nominativas.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar as bases de execución do orzamento do INORDE para o exercicio 2014, dotando no capítulo 4º de gastos a aplicación orzamentaria 422.11/489.01 “a familias e institucións sen fins de lucro nominativas”, con cargo á 422.11/400.00 de “transferencias correntes-achega da Deputación Provincial de Ourense”, as subvencións nominativas que se indican:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

Entidade	Concepto	Importe €
Clube Pesca Fluvial Arenteiro	Gastos de funcionamento	9.000.-
Asociación Cultural Civitas Limicorum	Festa do Esquecemento de Xinzo de Limia, edición 2014.	12.000.-
Agrupación Europea de Cooperación Territorial Eurocidade Chaves-Verín (Eurocidade –Chaves-Verín, AECT)	Gastos de funcionamento	21.000.-
Concello de Pontedeiva	Ampliación vial e dotación servizos polígono trazado.	17.988.-
Total:		59.988.-

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2015.-

A Sra. interventora expón o contido do orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2015.

O Sr. presidente anuncia que, de conformidade co Regulamento Orgánico da Deputación, os tempos de intervención neste debate son superiores aos ordinarios e serán os seguintes: primeira quenda de intervención de 15 minutos e unha segunda quenda de 8 minutos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que *El padre de la criatura*, é o nome dunha película cómica, rodada en 1972, baseada nunha adaptación cinematográfica da comedia teatral *La cigüeña dijo sí*, de Carlos Llopi. Por certo, e sen ánimo de ofender, o protagonista masculino ten un parecido máis que razoable co proxenitor do presidente, tanto físico como estético (pola boina). O certo é que a trama desa película ten moitos paralelismos co que está a acontecer nesta casa. Hai un pai (que non é o presidente), e unha criatura, á que o Sr. presidente lle puxo de nome Deputación do século XXI, e a que agarimosamente apelidou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

transparente. A criatura é máis ou menos feitiña, con aires de modernidade, e aínda que intenta rachar co pasado, que sexa unha fan das novas tecnoloxías, que non queira levar prendas que lle tapen a cabeza, resúltalle imposible librarse desa pátina resesa herdada do seu antecesor. O certo é que cando se observa o seu comportamento, un dáse conta de que os cambios son máis estéticos que outra cousa, xa que no fondo o peso da herdanza (ai a familia) é moi grande. E mentres o pai (refírese ao biolóxico, porque o adoptivo é o presidente) permanece agochado, entre bambolinas, fachendoso da súa magna obra. Dille ao señor presidente e ao que dí, día si e día tamén, que para iso compra con diñeiro alleo, (e quen paga manda), que necesitaríamos dedicarlle, non unha película, que daría para pouco, senón unha serie desas, tan previsible, con non sei cantas tempadas en antena, da que se intúe o final desde o primeiro capítulo. Un titular sería que o que está a vender o Sr. presidente non é outra cousa que a nova estrutura caciquil e clientelar do século XXI. Unha estrutura nova pero con reminiscencias incluso decimonónicas. Para iso hai que recoñecerlle certo enxeño. A cuestión importante é como xestionar esta Deputación de tal maneira que lle permita seguir facendo o que facía o seu pai, sen que se note, e ademais sen que exista impedimento legal ningún. Ese é o proceso e aí é onde está a chave da frauta. Porque esa é a pedra angular de todo isto, xa que diso depende a supervivencia política do *Baltarismo* e do seu partido nesta provincia, pois a súa razón de ser e de existir, cimentase no clientelismo, na dádiva e no favor. Agora contrato a uns, mañá contrato a outros e así sucesivamente a centos e centos de persoas, utilizando non só á Institución, senón ás empresas que contratan coa Deputación ou aquelas que teñen a ver coa Deputación, é dicir, as empresas participadas pola Deputación, pasadas, presentes e futuras. O Grupo Popular fixo da necesidade virtude, non por convicción. Reduciron a débeda simplemente porque o plan económico e financeiro obriga a iso. Esta Deputación está intervida de facto. E diante do atranco que supuxo a Lei de racionalidade e sustentabilidade, que imposibilita contratar, agás nos casos taxados por lei, idearon a fórmula perfecta para podelo facer sen ter que cometer ningunha ilegalidade. Cómo? privatizando absolutamente todo canto sexa privatizable. Primeiro foi Aquaourense, empresa mixta, en cuxo organigrama están persoas vinculadas ao Partido Popular, agora vai ser a empresa de lixo, logo será vías e obras, probablemente o Paco Paz, e despois É dicir, aqueles lugares onde máis se pode contratar e para os que non se necesita un alto nivel de cualificación, pasan a ser xestionados por unha empresa privada, que a cambio do beneficio económico da xestión, coloca ás persoas que lle diga o Sr. presidente. Todo perfecto, a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

Deputación converterase nunha metáfora do Servizo Galego de colocación, coa diferenza de que os demandantes de emprego deberán ser militantes ou simpatizantes do partido Popular para obter un posto de traballo. E mentres a empresa gañando cartos, que é do que se trata. Ese é o seu deseño, envolto nun papel de celofán exquisito. Do resto nada cambiou. Tempos novos, mañas vellas. A chicha, porque aquí o foco só está situado sobre a contratación de persoal, que son as adxudicacións dos contratos de obra dos plans provinciais, repártese entre os de sempre, e por certo moi ben repartido. Sería interesante que, dado que nestes momentos a xustiza parece que por fin deu un paso adiante (xa ía sendo hora) mirara como e a quen se lles adxudican os contratos nesta Deputación desde os últimos 20 anos. Sería curioso saber iso. Porque todo o demais é fume de carozo, xa que o papel ten conta do que lle poñen. Hai que recoñecerlles unha cousa, cada vez llo poñen máis difícil á oposición. O orzamento da Deputación representa, en síntese, *un dejá vu*, é dicir, máis do mesmo. Puro artificio contable e pura inconcreción. É un orzamento que destila electoralismo polos catro costados. Como mostra, no capítulo de subvencións destínanse, con carácter nominativo, 1.185.804,24 €, case que todos concellos do PP, desde logo ningún do BNG, nun claro exemplo de clientelismo a poucos meses das municipais. Outro exemplo, se collemos o capítulo IV de gasto pódese ver que as subvencións a entidades deportivas e para fomento do deporte medran respecto do ano pasado. Pero iso ten unha trampa, medran porque se computa dentro desa partida o que o ano pasado se facía detalladamente. É dicir, a cantidade é practicamente a mesma, xa que este ano non hai unha partida específica para axudas a deportistas, e a nominativa que ía destinada a Club Deportivo Ourense desaparece ao desaparecer o club. Ou no caso das becas que baixan un 20% respecto do ano pasado, e non obstante parece que aumentan. O que si aumenta é a nómina de fundacións varias ás que subvenciona o Sr. presidente, sen saber en moitos casos a qué obedece a súa xenerosidade (si que se sabe) Fundación Eduardo Barreiros, Abelardo Gabriel, Claqueta Croqueta, Pen Clube, etcétera. Logo con outras que son unha referencia a nivel internacional escatímáselle a subvención, pero claro, estas non alimentan o seu ego. Por certo, aparece un fondo de continxencia que ben de crear o Sr. presidente, cunha dotación orzamentaria de 100 mil euros e agarda que non sexa para o pago de cuestións desas que nos cola pola porta de atrás. Estarán atentos. En canto ao que dicía antes do tufo electoral non é que o diga o BNG, é que xa se adiantou o Sr. presidente nunha comparecencia co director da Fundación Escola de Organización Industrial (EOI), dependente do Ministerio de Industria, na presentación do plan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

de emprego, facendo bo aquel aserto latino de *excusatio non petita, accusatio manifesta* dicindo que “non se pode facer electoralismo, e menos cun tema tan sensible”. Das palabras do director da fundación, mellor non comentar, porque dicir que a preparación da mocidade, a máis cualificada da historia, para a súa chegada ao mercado laboral, e a súa motivación emprendedora, centran o traballo da Escola de Organización Industrial soa a chiste, se non fora que estamos a falar dun drama de tal envergadura que leva empuxado a emigración forzosa a máis de 120 mil mozos e mozas deste país nos últimos anos e debuxando un panorama desolador.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que un orzamento é un plan de acción, dirixido a cumprir unha meta prevista, que debe cumprirse nun determinado tempo e baixo unhas condicións previstas. Polo tanto, un orzamento é un instrumento de desenvolvemento anual das empresas ou institucións, cuxos plans se programan polo termo dun ano máis ou menos. Esta é a súa función fundamental, e que ten que ser un documento vivo e disposto a modificacións puntuais, e non pode nacer como un documento morto de inicio, porque senón estaríamos aprobando un instrumento inservible para os cidadáns. Como ben dicía o portavoz do BNG, cada vez é máis difícil profundar nalgúns cousas, pero no documento do Tomo III, na páxina 593, a Sra. interventora nas súas conclusións do informe de estabilidade orzamentaria sobre a regra de gasto e débeda pública, di o seguinte no seu apartado B: cumpre o obxectivo de regra de gasto, aínda que supera o límite de gasto non financeiro calculado. Isto dío con respecto ao orzamento da Deputación. Aínda que os seus coñecementos son limitados e sen poñer en dúbida os mecanismos que emprega a Sra. interventora, para o Grupo Socialista isto significa algo así como que si se cumpre o obxectivo da regra de gasto pero ollo; isto segundo os parámetros que se apliquen. Ou sexa, un aprobado raspado ou un necesita mellorar. Para o Grupo Socialista este aprobado non se produciría se no propio orzamento viñense reflectidos os cinco millóns de euros que, debido ás nefastas xestións desta casa, se lle teñen que devolver á Facenda pública. Mellor dito, se se recollese ese pagamento si se cumprirían os orzamentos, pero o Sr. presidente non podería vender estes orzamentos, que nas súas verbas de días pasados para o Grupo Socialista son máis dun pequeno personaxe que se está vendo estes últimos día “o pequeno Nicolás” debido á súa fantasía, que o que son na realidade. Este orzamento xa nace cunha gran mentira no seu inicio, pero o que non pode ser cuestionado é a segunda parte das conclusións da Sra. interventora

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

respecto do INORDE, que di: incumpre o obxectivo de regra de gasto e supera o límite de gasto non financeiro calculado. Aquí xa non é si pero non, aquí o Sr. presidente está facendo bo ao Sr. Freire Couto, porque a continuación se di que no prazo de tres meses, o Pleno da Corporación ten que aprobar un plan económico-financieiro que no ano actual e no seguinte cumpran os obxectivos marcados e a regra de gasto. Con isto estase incumprindo desde o inicio e son uns orzamentos falsos. Pregúntalle ao Sr. presidente por qué non é capaz de facer (como dixo no seu día que faría) un plan de reequilibrio do INORDE, así se podería aprobar este orzamento cuns parámetros xa corrixidos. O Grupo Popular vai aprobar un orzamento cun reparo importante. Pregunta que pasaría se dentro de tres meses non se fai ese plan económico e pregúntalle á Sra. interventora que pasaría se alguén presenta algunha alegación sobre este tema concreto. Todas as institucións por moito que estean viciadas, corrompidas ou mal xestionadas, teñen aspectos positivos. Nesta casa existe un servizo que funciona con bastante eficacia, que non é outro que o servizo de recollida de lixo, e neste orzamento segue a plasmarse a obsesión do Sr. presidente de privatizalo. Pregúntalle ao Sr. presidente por qué non intenta corrixir ese desfase de miles de euros entre gastos e ingresos dun servizo básico e fundamental. Neste aspecto ten a man tendida do Grupo Socialista e para facerlles entender aos cidadáns e aos alcaldes que un servizo así custa cartos. Este servizo debe ser de carácter público. Pregúntalle ao presidente por qué se empeña nun modelo que se está vendo que vai moi aparelado e é similar á corrupción que estamos a sufrir. Esta é unha razón máis que contundente para que o Grupo Socialista non aprobe estes orzamentos. Pregúntalle ao presidente qué pretende con esta privatización, a non ser que busque un niño de colocacións afíns ao Partido Popular. Pregúntalle se non lle chegou con facer o ridículo o outro día cando lle pediron a documentación de Aquaourense e se lles negou polo tema da protección dos datos, para que despois estivese colgada na páxina web. O Sr. presidente está encantado con estes orzamentos, presume de xestión, e aínda por riba intenta convencer cun anuncio de televisión no que se di: non é un gasto, é un investimento. Malo cando un ten que facer autobombo para convencer aos cidadáns de que esta institución non é un gasto. Cómo os quere convencer de que estes orzamentos son un investimento se o PP leva gobernando 30 anos esta casa e a situación da provincia é que xa non somos nin trescentas mil persoas nela. Nos próximos orzamentos seguramente que os números que lle encantan ao Sr. presidente baixan e pídelles que non se quede co número, senón que se quede coa situación dramática. Esta provincia esmorece, porque ata poderían ver ben

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

unha partida que se destine a un plan de emprego, pero o que ocorre nesta Deputación é que todo o relacionado con emprego é sinónimo de enchufismo e clientelismo. Din isto, porque o Sr. presidente anunciou que non se fará efectivo ata despois de maio e intenta convencer de que o fai como un acto de transparencia e de decencia política, ata que estea constituída a nova corporación. Isto nunha provincia que necesita de calquera mínimo estímulo de emprego, non se entende e non obedece a un acto de “*buenismo*” de cara á cidadanía e só ten unha explicación: déixase o plan de emprego para despois das municipais, para así ter a posibilidade de ofertar postos de traballo a cambio de votos, ou incluso a cambio de formar parte das listas electorais onde o PP o ten complicado. O Sr. presidente non pode dicir que no Grupo Socialista se confabula, porque o que lles ten que dicir aos seus alcaldes ou portavoces é que teñan a boca pechada, pois pode asegurar que algún xa anda vendendo eses postos polos concellos (cando queira dálle nomes e apelidos). Isto é o mesmo de sempre, cunha versión máis moderna e sofisticada da anterior *cutrez* do que foi o “Baltarcito” hai catro anos. Ese plan de emprego será un plan de autoemprego, e non por ser emprendedores nin autónomos, será para axudalo a ocupar outra vez a cadeira de brazos. Pregúntalle ao presidente se cre que é unha gran xestión gastar 992.808 € no Teatro Principal e recadar 30.000 €. Na recadación de concesións como os 18.000 € na cafetería do Paco Paz; 10.200 € dun centro ecuestre que custou miles e miles de euros. Seguen a esperar polas peticións que fixo o Grupo Socialista, con toda a prudencia, á ridiculez de 49.000 € anuais do aparcamento do Hospital, que a día de hoxe aínda non saben nada porque o Sr. presidente nin asiste ás comisións nin asiste ás que se crean, aínda que despois as vaia vendendo. Para qué serve un orzamento no que se consigna unha partida de miles e miles de euros para gastos de publicidade e protocolo se despois se lle nega ao Grupo Socialista a información de cal é realmente o gasto en publicidade. Están seguros de que se gasta moito máis do que se gastaba anteriormente, porque o xiro radical dalgún medio sobre o trato informativo cara a esta casa non é gratuítu. Sabe que isto non o fai amigo dos medios, pero non está aquí para comprar que falen ben del. Se fosemos valentes deixariamos que os xornalistas fixesen o seu traballo con obxectividade. O Sr. presidente pode comprar titulares a conta dos cartos de todos os cidadáns, pero nunca vai comprar o respecto nin a admiración dos cidadáns, pois ao igual que os xornalistas que están aquí sentados, vén que tras eses titulares que merca, a realidade é a mesma de sempre: aquí só lles vai ben a uns poucos, non a toda a provincia. O presidente dixo que o pero desta institución era a oposición e esta afirmación para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

o Grupo Socialista significa un alago, porque se fala así é que están a realizar un bo traballo. Como oposición razoable dinlle que xa compre ter descaro para dicir isto, porque o Grupo Socialista cando se falou de servizos sociais aprobou a partida co Partido Popular; cando se fala de plans de cooperación para os concellos conta co seu apoio; cando se fala de modificar os orzamentos para calquera proxecto de mellora no servizo do lixo, conta co seu apoio (non conta co seu apoio para privatizalo) e moitas cousas máis. Unha institución, a pesar de que a dirixa este Sr. presidente, tamén pode ter aspectos positivos. Para o Grupo Socialista é bo que o Sr. Baltar Blanco siga sendo presidente, e créndoo moito mellor, porque un presidente que é o maior beneficiario de que esta casa estea condenada por prevaricación continuada en contratación de persoal, que teña problemas cos fondos europeos (que son unha espada de Damocles na súa testa) non pode ou non debería alardear destes orzamentos nin de ser un gran xestor como acostuma. Deste xeito os cidadáns o porán onde lle corresponde, que é na rúa e póñenlle máis fácil ao Grupo Socialista o poder acadar algún día a presidencia desta Deputación. Dille ao Sr. presidente que siga crendo os titulares que merca, que siga crendo aos murmuradores aos que lles paga, para que lle sigan dicindo que fai bos orzamentos e boas xestións, e que siga desprezando á oposición, xa que ninguén fracasa por exceso de humildade, máis ben se fracasa por exceso de éxito. Onde o presidente lles fala aos cidadáns de Ourense de éxitos sen precedentes con estes orzamentos, o Grupo Socialista intentará facerlles ver a realidade que están a sufrir na rúa todos os días. Esta é a realidade nefasta para esta provincia e non a realidade virtual que vive o presidente. Anuncia que votarán en contra dos orzamentos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que estes son os terceiros orzamentos que se elaboraron desde a aprobación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, norma esta que lles impón a todos duras esixencias na elaboración e desenvolvemento orzamentario (convén non esquecerlo), entre elas o fondo de contingencias, que non é un capricho, senón que é unha esixencia legal a través dunha orde que modifica a estrutura orzamentaria do presente ano. O orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015, integrado polo desta Deputación e o do INORDE, enmárcase nunha situación de crise económica que tivo e segue tendo, un importante efecto no sector público local, cuxa principal manifestación foi o desequilibrio entre os recursos dispoñibles e os gastos necesarios para o mantemento dos servizos para prestar por esta entidade local, o que supuxo a necesidade de importantes axustes, duros e dolorosos para todos. O importe do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

orçamento para 2015 elévase á cantidade de 75.707.000 €, o que supón un incremento con respecto ao do ano 2014 dun 2,72% (dous millóns de euros máis). Este incremento débese fundamentalmente ao incremento no Fondo Complementario de Financiamento, en razón dos ingresos previstos e realizados no actual exercicio. Estamos ante uns orzamentos elaborados desde o realismo, o rigor e tamén desde a prudencia. Aínda que non son as contas expansivas e propias dun ciclo económico propicio, si permiten lanzar unha mensaxe de optimismo, dado que os orzamentos medran considerablemente con respecto ao ano 2014, confirmando a tendencia marcada no exercicio anterior: a recuperación da facenda provincial (algo que se pon en dúbida e cuestionando os informes técnicos desta casa). Fundamentalmente, as prioridades destes orzamentos son as seguintes: potenciar os servizos sociais en colaboración cos concellos; o medio ambiente; a cooperación cos concellos en xeral; en suma, o desenvolvemento do Plan Ourense 92, plan de xestión e estratexia operativa da Deputación de Ourense 2012-2015, documento presentado publicamente polo Sr. presidente en xuño de 2012 e co seu equipo de goberno. Os novos proxectos polos que se aposta nestes orzamentos, ao consideralos estratéxicos para a provincia, son os seguintes: en primeiro lugar un plan termal, a execución dun plan termal provincial co maior investimento da historia dos orzamentos provinciais, dotado en principio con 1.500.000 euros. Este plan é de máxima prioridade para a provincia. Adianta que proximamente o Sr. presidente asinará un convenio coa Xunta de Galicia co fin de potenciar ao máximo este recurso de capital importancia para a nosa provincia. Como lembrarán, no presente ano esta Deputación xa aprobou axudas para actuacións diversas no ánimo de potenciar este recurso tan importante, incluso tamén subvencións para investimentos nas instalacións termais na provincia por 300.000 euros. A aposta para o vindeiro ano é superior e así se demostrará. Outro proxecto importante, e máis nestes tempos tan difíciles para atopar emprego, será o plan de emprego xove, algo que parece que non lle fai moita graza ao Sr. Gómez Pérez, polo que volve dicir o que di sempre: pau se remas, pau se non remas, porque se o sacan antes das eleccións é electoralista, e se o quitas despois tamén. Este plan de emprego xove está dotado inicialmente con 1.000.000 € de fondos propios, procedentes do remanente de tesourería que se espera ter, para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento do ano 2014 e axudas outorgadas polo Ministerio de Industria. Están convencidos e seguros de que a dotación económica deste plan será considerablemente superior. Quere destacar que non haberá electoralismo, polo que este plan non se vai poñer en funcionamento antes das eleccións de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

maio. Apostan pola creación da axencia provincial da enerxía e do medio ambiente, cunha dotación inicial de 512.000 €. Trátase dun proxecto moi ambicioso, dado que consideran de máxima prioridade colaborar cos concellos que así o acorden, na negociación das tarifas eléctricas, no asesoramento técnico nestes temas especialmente complexos, na creación dunha central de compras e tamén en actuacións varias na defensa do medio ambiente. Adianta tamén que o Sr. presidente está facendo diversas xestións coa administración central e autonómica para programar actuacións conxuntas neste campo. Non se trata dun *chiringuito* máis, será un órgano que pretende ser vangardista e axudará aos concellos en temas de tanta importancia. O seu labor desenvolverase con persoal desta casa, agás nos casos nos que se precise a contratación dun técnico especialmente cualificado para o desenvolvemento desas actuacións. No vindeiro ano 2015 contarase tamén cun plan provincial de igualdade cunha dotación de 500.000 €. Este plan ten como obxectivo completar o Plan BenOurense de servizos sociais e o seu funcionamento será comarcal co fin de favorecer a máxima participación da poboación dos concellos, moi dispersa en multitude de núcleos de poboación. Cónstalle que o Sr. presidente está facendo importantes xestións coa Secretaría de Estado de Igualdade do Ministerio de Traballo, co fin de incrementar esta dotación inicial e facer da igualdade unha actuación de especial importancia para esta Deputación. Tamén se fai imprescindible e de máxima prioridade avanzar na administración electrónica: Ourense provincia intelixente. O plan de racionalización da estrutura administrativa municipal é un plan que o Sr. presidente lle presentou no seu día ao Sr. Beteta, secretario de Estado de Administracións Públicas. A súa valoración foi máxima, ata o punto que se pretende estender a súa aplicación a outras provincias do Estado español. A súa dotación inicial é de 500.000 euros con fondos propios. Con este plan, e na liña de transparencia imposta, preténdese, entre outras actuacións, avanzar na fusión de servizos necesaria e imprescindible nos tempos que corren, na implantación da factura electrónica nos concellos, na implantación de diversas aplicacións para móbil. En resumo, conseguir que a Deputación sexa o concello de concellos, que a provincia se converta en concello único, accesible a calquera cidadán e compartindo toda a información posible. Tampouco se esquecen da infancia e da xuventude. Nos orzamentos prevese tamén a elaboración dun plan especial infancia e xuventude, co que se pretende a concienciación medioambiental, con diversas actividades para os máis novos, dinamizando as instalacións e lugares de especial interese da provincia (albergue das Corcerizas en Vilar de Barrio, o parque natural do Xurés, complexo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

xuvenil e medioambiental do Corgo en Muíños ...). A estación de montaña de Cabeza de Manzaneda: porase en marcha un plan de achegamento dos máis cativos á neve. Executarase a segunda fase da granxa-escola de Armariz. No ano 2014 investíronse 200.000 € e no ano 2015 investiranse 500.000 €. Preténdese converter esta instalación nun centro de referencia en Galicia, no corazón da Ribeira Sacra, potenciando as razas autóctonas, programando actividades para os nenos, creando un aula de formación e programando cursos de formación específicos para os gandeiros da provincia, entre outras actividades. No primeiro trimestre do ano 2015 celebrarase en Ourense un certame sobre industrias culturais e creativas. Con este certame queren que Ourense sexa unha referencia nacional no emprendemento e na creatividade de industrias culturais e multimedia (música, cine, etcétera). Para finalizar quere destacar que apostan decididamente pola transparencia, e para isto creárase o portal provincial da transparencia para os concellos. Sen ningunha dúbida esta actuación é de máxima prioridade para o presidente desta Institución, e así o ten manifestado en numerosas ocasións, e por suposto para o Grupo Popular e máxime, desgraciadamente, nos tempos de corren. Os políticos débense aos cidadáns e polo tanto as súas actuacións teñen que ser totalmente claras e transparentes.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que estamos unha vez máis diante dun orzamento que, no esencial, non resolve os grandes déficits que ten a provincia en materia de infraestruturas, cada vez máis obsoletas, agravadas moitas delas polas obras do AVE (as partidas para reparación das vías provinciais devecen respecto do ano anterior), nin serve para dinamizar os sectores produtivos, que son a columna vertebral desta provincia. O Sr. Álvarez Dobaño falou dun portal de transparencia e fixo un eloxio moi grande do Sr. presidente e, se llo permiten tamén, el, ao final da súa intervención, lle fará un eloxio ao Sr. presidente. Pregúntase canta xente xestionará ese portal. Este orzamento está baseado en inconcrecións, posto que computa como investimento cantidades que non se sabe se poderán pasar do compromiso ao concreto. Fronte esa visión triunfalista, o capítulo de persoal é semellante ao do ano anterior, porque o sobrecusto dos despedimentos do ERE, pola sentenza do TSX, non aparece contemplado. Segue levando a gran parte do orzamento o capítulo de persoal e o gasto corrente. O Sr. presidente, que pasará á historia como Baltar II o transparente (para el o invisible) tamén encetou un novo tempo nesta Institución, contratando fóra o que perfectamente pode facer co persoal da casa, pagando asesores externos para os máis variados encargos. Este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

orçamento é unha andrómena, e polo tanto non pode resultar críbel, xa que omite deliberadamente consignar 5,5 millóns de euros para afrontar a devolución da metade do diñeiro que Europa dera para as depuradoras, porque a outra metade xa non computa como ingreso, toda vez que o Estado queda con ela. Esa é a cuestión. O presidente deberíalle explicar á cidadanía que pola negligencia, e xa veremos se algo máis, do seu predecesor, e de deputados que se sentan nesa bancada, o orzamento da Deputación é 10,2 millóns de euros inferior, e que ademais iso pagámolo todos os cidadáns desta provincia. Falan da axencia provincial de enerxía, plan de igualdade, administración electrónica, infancia e xuventude, como diría alguén “*palabros*”. Pregúntase como se pode ter tanto descaro e falar de transparencia sen pórse colorado. Do resto dos proxectos xa falará no seu día, que haberá tempo. O que si poden adiantar e que algúns deles, como o proxecto Estacións, non xera apenas ingresos, nin actúa como elemento dinamizador, tal como o presidente e o xerente do INORDE venderon nunha das súas múltiples comparecencias. Outro fracaso. Como cada ano ten que sacar da chistera un coello, non obstante, este ano sacou dous, dentro desa especie de esquizofrenia *megalomanoide* na que está instalado. Un dos coellos é o famoso plan termal, cuxo obxectivo fundamental é mellorar a conta de resultados de determinadas empresas. O outro é a creación dunha axencia que xestionará a enerxía e o medio ambiente en Ourense, pero o que non din é que detrás dese anuncio non hai outra cousa que a xestión do modelo privatizado do servizo de recollida e tratamento do lixo, privatización á que se opuxo o BNG e contra a que a CIG ven de formular unha demanda de conflito colectivo, en materia de impugnación do acordo colectivo suscrito, o 28/05/2014 (BOP n.º 175 do 1/8/2014), pola propia Deputación Provincial de Ourense e o Comité de Empresa do seu persoal laboral, para a transferencia do persoal do Servizo de Recollida de RSU e complementares da institución provincial a unha futura empresa de capital mixto. Esta Deputación segue a manter servizos deficitarios, que non xustifican a súa existencia. O BNG ten demandado, por activa e por pasiva, que a Deputación ten que adelgazar a súa estrutura, por iso volven a propoñer unha vez máis que a Deputación se desfaga daquelas cuestións que son competencias impropias e que xeran un burato económico cada ano que pasa meirande: as distintas granxas coas que conta (sería bo que explicara que xestións leva feito ao respecto coa Consellería do Medio Rural e se hai algún acordo nese sentido); o Teatro Principal, ou o Paco Paz, que levan unha gran parte da torta orzamentaria e apenas xeran ingresos que xustifiquen o seu mantemento. Xa falou disto o compañeiro do Grupo Socialista O

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

programa de gasto do Teatro Principal 992.808,32 €; o Paco Paz 1.356.804,87 €; o INORDE 1.400.000 €. No que si medra este orzamento é nun apartado no que o Sr. presidente se manexa como o peixe na auga: atención protocolaria e publicidade, máis de 1,2 millóns de euros. Iso é o que se ve a primeira vista, porque esta cantidade se incrementa considerablemente ao longo do ano, pola vía das sucesivas modificacións de crédito, e por outras que non aparecen reflectidas no orzamento, como o recente caso, por pór só un exemplo, da última enquisa encargada polo presidente, que por certo, resulta difícil de dixerir, e moito se temen que o que lles pasou aos grupos da oposición era (porque vostedes son moito de caixas B) a enquisa B. Capítulo especial merece o INORDE: 20 persoas traballando nun organismo que non cumpre ningún dos obxectivos para os que foi creado. Cun xerente que leva a nada desprezable cifra de 57.418,48 € Este organismo tamén utiliza as subvencións a organizacións ou asociacións sen ánimo de lucro e outras, concretamente 190.000,00 euros, co carácter de subvencións nominativas, é dicir para repartir discrecionalmente. A evidencia da incapacidade deste organismo ven determinada por cuestións como esta: subvención de solo empresarial, 10.000,00 €. Para os sectores produtivos cero euros. O resto é pura inconcreción e fume. Se o presidente lles quere facer un favor aos ourensáns debería eliminar o INORDE (sempre podería privatizalo). Podería seguir e sería máis do mesmo. El non é trobador, pero botou man do romanceiro popular para confeccionar un pequeno romance para dicir o que sempre se está a dicir en prosa: *Baltar II lle chaman, fillo de Baltar I, se gran cacique era o pai, maior cacique é o herdeiro.*

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que cando el se mira ao espello non se ve guapo, nin con ollos azuis, nin que mida 1,90, e moito menos se ve novo. O que ocorre é que se tivera uns murmuradores aos que lles pagase seguramente que cada vez que fose saír á rúa diríanlle: Nacho, es guapo, mides 1,90, non tes 42 anos que tes 25, non tes un utilitario que tes un BMW (ou calquera outro coche de alta gama) e seguramente que ata o podería crer e pensaría en cambiar de espello. Isto é o que ocorre nesta casa, o espello do Sr. presidente debe estar adaptado a unha realidade paralela e así non ve o que lles pasa aos cidadáns. Fálalles de transparencia e despois os cidadáns poden ver que só entrar a traballar os que teñen o carné do Partido Popular, sempre son as mesmas empresas construtoras as que reciben contratos (aínda que os que se sintan ofendidos teñen camiños para denunciar). Ao mellor é que o Sr. presidente creceu nesa realidade paralela onde non creceron os demais. Fan unha proposta de emprego xove (non sabe cal é o baremo da idade) pero ao mellor, cando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

chegue a algún concello vaille ter que explicar a algún dos que prometeron eses postos de traballo que igual xa non cumpren, porque xa non teñen a idade adecuada. Reitera que este plan é para despois das eleccións porque se se fai primeiro engánase a máis xente e porque está a oposición para recriminar que se faga antes. Di que ninguén lle contestou ao famoso *Baltarcito* (cre lembrar que aquel programa de *autobombo* do coche eléctrico custou 60.000 €). Isto parece unha broma pero no o é. O Grupo Popular leva aquí 30 anos e lles seguen a tomar o pelo aos cidadáns, e parece que lles interesa que esta provincia vaia a peor, porque canto peor vai unha provincia e menos se desenvolve o pobo, mellor lle vai ao Partido Popular, porque compran os seus favores. O Sr. Álvarez Dobaño cando falou dun dos proxectos dixo que non sería un *chiringuito* máis (*excusatio non petita, accusatio manifesta*) porque cando alguén avisa de que non será é porque vai ser. En canto aos servizos sociais di que claro que é algo que hai que valorar, xa que se lles traspasan cartos aos concellos para poñer en valor eses servizos (alá cada quen como os distribúe despois). Iso non é algo que se cuestione, pero tampouco é algo polo que o Partido Popular se teña que colgar unha medalla, porque quen lles meteu por debaixo este servizo ás deputacións foi o Sr. Feijóo. Falan de potenciar a infancia e a xuventude e pregúntase en que realidade vive o Grupo Popular, porque dentro de pouco, onde goberna o Partido Popular, non vai quedar nin un nenín, xa que ao que se dedican é a subvencionar tanatorios e pechar escolas e os mozos vanse (así baixa o paro). Isto é un insulto á intelixencia e como tal non o vai compartir. En canto ao capítulo I de persoal e gasto corrente din que baixa pero métese máis gasto no capítulo II. Ten unha cuestión moi curiosa que lle formula alguén que di que o resto dos autónomos de Ourense queren un despacho na Deputación para desenvolver a súa actividade cos gastos de calefacción, material e outros gastos a cargo da entidade, para ser máis transparentes. Di isto porque aquí se botaron interinos á rúa e agora téñenos contratados como autónomos. Pregunta se esa xente ten un horario laboral marcado, se se sabe se esas persoas están ao corrente coa Seguridade Social e demais, porque ao mellor pode ser que con estas persoas esteamos incorrendo nun fraude de lei. En Recadación hai un informático autónomo, outro autónomo no Museo da Música, un autónomo no Medio Rural no Carballiño, outro na Rúa, varios no Paco Paz e algún de nova incorporación en Vías e Obras. Están enganando á xente e agora non se enchufa en A, enchúfase en B que é máis fácil. Oxalá os cidadáns participaran máis veces e escoitaran o que se di, porque non hai oportunidade de que coñezan estas cousas. Mércanse titulares como o de hoxe no que se di que se vai suspender o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

pago da débeda dos cinco millóns de euros. Xa explicou o portavoz do BNG que non son cinco, son 10,2 millóns por moitas voltas que lle dean. Este presidente vendeu que só había que pagar cinco millóns porque os outros cinco se deixan de ingresar, polo que el pregunta de qué programa saíron ou para o que esta Deputación deixa de recibir eses cinco millóns. Non é prudencia non contemplar nos orzamentos esta devolución de diñeiro. Pon un exemplo para que se lle entenda: se imos por unha estrada e pasamos por tres ou catro autobuses en liña continúa, incúmprese moito e seguramente nos sancionen, aínda que temos dereito para poder recorrela, pero o caso é como acaba esa animalada que se fai, porque se acaba tendo un accidente grave, incluso incorrendo nun delito, virá a segunda parte. Pero se recorremos esa sanción sabendo que pasamos unha liña continua e que tivemos un grave accidente, sabemos que imos ter que pagar igual, pero con recargo. Iso vai pasar aquí, porque estamos vendendo que se van retrasar os pagos e ao final teremos que modificar estes orzamentos porque imos ter que pagar (iso o dixo o Sr. Montoro, aínda que non teña moita credibilidade, pero seguro que nisto si a ten). Como a súa cabeza non é tan boa como a do Sr. presidente e non lle dá para tanto, tería moitas cousas que dicir, pero só vai dicir dúas máis. Cando se fala de gastos de publicidade di que hai uns meses se deu un premio ás máis elegantes de Galicia (non sabe se está ben dito así) nun xornal de Santiago. Coincidiu que ese mesmo xornal recibía un convenio desta Deputación por 20.000 € e unha das persoas que recibía ese premio foi a dona do Sr. presidente. Sabe que pode molestar pero isto, cando menos, fai sospeitar. Por último di que a realidade desta provincia é igual que finaliza o spot de televisión que ten, que é unha foto fixa do que é esta provincia, un deserto. Pídelle ao Sr. presidente que tome nota do que ten e que se deixe de mirar no espello que ten retorcido, por moito que diga que os demais non teñen nivel.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sorpréndelle que a oposición se escandalice das externalizacións que se realizan aquí e onde gobernan non, porque alí si que abusan delas e ensinan a facelas (non moi lonxe de aquí). Unha das primeiras empresas mixtas que se crearon foi nunha vila onde pasa un río polo medio. Igual pasa coas subvencións nominativas. A Deputación autilimitounas ata o 20% do importe das subvencións totais, algo que non fan onde goberna a oposición. Con respecto ao INORDE di que o orzamento deste organismo é preventivo e asegura que terá máis dotación durante o exercicio orzamentario. Con respecto aos *chiringuitos* ten que repetir o de sempre: pau se remas, pau se non remas. En canto ao fondo de continxencia, reitera que é unha esixencia legal, non é un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

capricho nin do presidente nin da interventora nin de quen fala. Pregúntalle á oposición para cando quixerían que saíra o plan de emprego ou se é que non o queren. Entendeu que se puxeron en cuestión os informes da Sra. interventora (se non é así pide desculpas). Non quixera entrar no autobombo, porque o Sr. presidente é quen de defender este tema, pero hai un presidente dunha deputación que ven aquí pagarlle a un periódico desta provincia para que fale da Deputación de Lugo e pensa que é mellor que non se boten as vergonzas uns aos outros e a ver se se acaba con elas dunha vez. Sorpréndelle que se cuestione a independencia dalgún medio de comunicación, polo que pide valentía e que se diga cal é, porque dicir que se compran titulares é moi grave. En canto á infancia e xuventude di que o portavoz que está no uso da palabra en ningún momento falou de que lle correspondera a esta Deputación potenciar a natalidade, o único do que falou foi de concienciación medioambiental e de potenciación dos lugares e instalacións de especial interese desta provincia, entre outras actuacións, dirixidas aos máis novos da provincia. En canto ao argumento estrela (os 10 millóns de euros) di que el xa sabía que a oposición tiña especial interese en que figuraran neste orzamento para descolocar ao equipo de goberno. Non é así, pediu prudencia e paciencia hai tempo e non lle fixeron caso. Os feitos están aí, o grupo de goberno o presidente fixeron os deberes e de momento está en suspenso o reintegro deses fondos, polo que non hai ningunha obrigaón de incluír esa cantidade nos orzamentos de 2015. En canto á contratación de persoal di que se imos aquí cerca, cara ao norte ou cara ao sur, podería poñer moitos exemplos, pero non quere entrar nese tema nin poñer nomes, senón que se debe falar do orzamento da Deputación de Ourense que é o tema que nos ocupa. Xa con respecto aos orzamentos, di que pola boa xestión do grupo de goberno, coa axuda inestimable e imprescindible dos técnicos, agárdase que o remanente de tesourería do ano 2014 sexa importante, e con el dotaranse partidas ás que xa se referiu anteriormente. En todo caso quere destacar como novidades que o orzamento en servizos sociais se incrementa máis do 500% (isto porque o quere o equipo de goberno, non porque o Sr. Feijoo lle endosara a competencia), pasando de 759.000 € en 2014 a 3.800.00 € en 2015. Haberá máis fondos para o plan BenOurense 2015. Mantense a axuda á teleasistencia domiciliaria integramente con recursos da Deputación (350.000 €). Elévase a un millón de euros a achega económica para o programa de acción social en cooperación cos concellos. Mantense o programa de balnearios (criticado pola oposición incluso de xeito despectivo) para maiores de 55 anos, e outros programas cunha achega de 120.000 €. En breve o Sr. presidente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

asinará un convenio coa Xunta de Galicia para o Plan Termal de Ourense. Na Área de Medio Ambiente increméntase o orzamento en case un 7% (de 11 millóns de euros pásase a 11,8). Mantense a subvención de 4.500 euros/concello para contratación de choferes de rozadoras (360.00 € totais). Cofináncianse os GES coa Xunta de Galicia (case 360.000 euros). Tamén se cofinancian os consorcios contra incendios de Verín, Valdeorras, A Limia e O Carballiño, sen esquecer o Consorcio de Augas de Valdeorras (1.055.000 euros). Polo que respecta á Área de Infraestruturas, a achega económica para a rede viaria provincial increméntase en case un 22% (de 2.500.000 € en 2014 pásase a 3.200.000 en 2015). Increméntanse ata 50.000 €/concello para o Plan de cooperación para obras e servizos (en 2014 eran 47.000 por concello e 25.000 para a entidade menor de Berán), todo isto financiado con recursos propios aos que hai que engadir 3.000 € para cada proxecto técnico (pasamos de 4.550.000 en 2014 a 4.823.000 en 2015). No referente á Área Económica, mantense o plan para gastos correntes para concellos que acrediten insuficiencia financeira e orzamentaria. Mantense a subvención nominativa á UNED de 320.000 euros. Rebáixanse as subvencións nominativas respectando o 20% do total de subvencións, segundo a Ordenanza xeral de subvencións, aprobada no Pleno do 24 de outubro de 2013. Increméntase en máis 23% a cooperación provincial (de 2.367.000 € en 2014 a 3.088.000 € en 2015). En cultura e deportes increméntase a liña de subvencións de deportes (400.000 €) e mantense o Plan Tarazana de actividades recreativas e culturais (200.000 €). Retómanse as subvencións a deportistas (25.000 €) e as actividades de fomento do deporte (70.000 €). Increméntanse as subvencións culturais e sociais (400.000 €). Increméntase a achega para o Rally de Ourense (40.000 €) única subvención nominativa xunto coa do Club Ourense Baloncesto. Porase en marcha un plan de impulso da Vía da Prata en colaboración cos concellos por onde pasa e coa Xunta de Galicia. No INORDE figura o Plan de Emprendemento con 1.500.000 € procedentes do Ministerio de Industria, por unha importante xestión do presidente desta Deputación. Mantense a dotación de 1.400.000 euros para desenvolvemento local, turístico e económico. Destaca que a dotación nos investimentos se incrementa nun 30,17%, nunha clara aposta investidora provincial. Supón no capítulo VI de investimentos case un 23% do total orzado, a porcentaxe máis alta da historia da Deputación (13,2 millóns en 2014 a 17,2 millóns en 2015). A isto habería que sumarlles os 6,4 euros das retribucións totais do persoal adscrito a Vías e Obras, cuxo traballo reverte en infraestruturas e mantemento de vías provinciais. Isto suporía un investimento de 23,6 millóns de euros. En canto á débeda debe

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

quedar claro que a débeda da Deputación de Ourense, que se reducirá un 35,5%, permite que as partidas suban moito máis que o incremento do orzamento. A débeda pública nos orzamentos de 2014 era de 5.029.000 € e en 2015 é de 3,2 millóns de euros. En decembro de 2011 a débeda era do 116%, a previsión para o final desta lexislatura era do 101%, e a decembro de 2014 estímase nun 48,83%. En 32 meses de goberno baixouse en máis 2 puntos/mes. Ten que dicir que continúa o descenso en gastos de persoal, así, no ano 2013 supoñía o 41,7% do orzamento, en 2014 o 37,5% e para 2015 será o 35,5%. En todo caso deberán terse en conta os seguintes datos: excluindo o gasto de persoal adscrito ao Servizo de recollida de lixo (2,1 millóns de euros) o custo total do persoal sería de 24,7 millóns de euros, é dicir o 32,7% do orzamento. Excluindo tamén o gasto do persoal adscrito ao Servizo de Vías e Obras (os 74 millóns de euros aos que se referiu antes) a porcentaxe baixaría ata o 24,2%. Para rematar reitera o seguinte en canto ás actuacións previstas en materia de recursos humanos: amortízanse 18 prazas do Cadro de Persoal, aplicarase a nova ordenanza de contratación laboral temporal, cos tribunais por sorteo (de feito, xa foi entregado no día de onte o proxecto de bases para a elaboración de listas de contratación) e crearase unha unidade específica de participación cidadá. Non quixera rematar sen dar un dato importante pola demonización que fai a oposición coa política de persoal desta Deputación: en xaneiro de 2012 había 957 traballadores, en novembro de 2012 había 918, en novembro de 2013 había 761 e en setembro de 2014 hai 722 traballadores. Lembra que hai que ter en conta o servizo de recollida de lixo onde a Deputación asumiu o persoal que lle foi transferido dos concellos ou das mancomunidades. En resumo, estes orzamentos en canto aos recursos humanos baséanse na disciplina orzamentaria e sostibilidade fiscal; apostan decididamente pola tecnificación e a cualificación da administración provincial e por unha estrutura organizativa máis racional e eficiente. Como xa dixo, son os orzamentos do equipo de goberno e dille a oposición que seguramente lamentan a noticia que hoxe sae nos medios de comunicación, porque o argumento estrela non estivo á altura do debate. Con todos os respecto di que a oposición ben podería ter feito algunha achega a este orzamento de 2015 (a el non lle consta que fixeran ningunha). Para finalizar di que para o grupo de goberno se trata duns orzamentos realistas e coherentes. Entenden que son os posibles na conxuntura económica actual e polo tanto, como non podía ser doutro xeito, teñen o apoio de todo o grupo de goberno.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que é a primeira vez que se aproba un orzamento con tanta antelación ao seguinte exercicio. Reflicte un aumento con respecto ao anterior,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

establece a cantidade máis alta en materia de investimentos (máis de 17 millóns de euros), establece a porcentaxe máis baixa en custos de persoal e establece unhas previsións a decembro deste ano de redución da débeda, que estaba no 116% a finais de 2011 e estará en menos do 49% en decembro, e seguirá baixando. Cada día que pasa, hoxe mesmo, un 0,1% menos de capacidade de endebedamento desta Deputación. Quere aclarar, en canto á asunción de competencias dos servizos sociais, que está encantado de asumir esa competencia como deputación e isto e conforme cun decreto da Xunta de Galicia, decreto que é consecuencia do artigo 54 dunha Lei do ano 2008, a 13/2008, do 3 de decembro, e todos sabemos quen gobernaba en Galicia. Reitera que está encantado de asumir esa e outras competencias porque se trata de actuar tendo en conta o interese xeral da provincia. Os grupos da oposición souberon con tempo suficiente que hoxe era este debate. Acéptanse todas as achegas dos grupos da oposición, tanto do PSOE como do BNG, que son un folio en branco, e lémbrralle que se queren facer algunha máis están en prazo, porque hoxe se aproba inicialmente.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento xeral da Deputación provincial de Ourense para o ano 2015, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

Estado de gastos

Capítulo 1.- Gastos de persoal	26.888.630,78 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	17.711.388,32 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	1.047.668,73 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	7.818.506,55 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	100.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	17.184.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.415.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	3.241.305,62 €
TOTAL GASTOS.....	75.707.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

Estado de ingresos

Capítulo 1.- Impostos directos	4.200.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.300.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	5.269.204,97 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	59.625.782,28 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	146.212,75 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	12.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.853.800,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
TOTAL INGRESOS...	75.707.000,00 €

B) INORDE.-**Estado de gastos**

Capítulo 1.- Gastos de persoal	800.768,00€
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	390.070,00€
Capítulo 4.- Transferencias correntes	290.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	127.768,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.510.000,00
TOTAL GASTOS.....	3.118.606,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	47.540,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.479.682,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	40.000,00 €
Capítulo 7.-Transferencias de capital	1.551.384,00 €
TOTAL INGRESOS	3.118.606,00 €

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ó público, previo anuncio

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

9º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-114 VILAR DE SANTOS (OU-321)-PONTELIÑARES (OU301), N.º 103/PB/2013, EN VILAR DE SANTOS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que soen votar a favor neste tipo de cuestións pero que se van abster, porque de agora en adiante van procurar que non se lle dea a volta as cousas que din. Di isto por unha cuestión que se mencionou antes, xa que el en ningún momento falou de corrupción cando falou dos medios de comunicación, porque se mesturaron dúas cousas. El dixo que a corrupción ía aparellada coas privatizacións e cando fala de mercar titulares non dixo que fose unha cuestión ilegal, o que di e segue a dicir que é unha cuestión da que presume o Sr. presidente, da ética e da transparencia que se incumpre. Di que parece mentira que leven aquí catro anos, porque el non está na casa da que falan e non se vai deixar amedrentar.

Intervén o **Sr. presidente** para dicirlle ao Sr. Gómez Pérez que se está falando dunha expropiación forzosa e se non vai falar dela despois hai unha quenda de rogos e preguntas que pode utilizar, e a continuación prodúcese un intercambio de palabras entre o Sr. presidente e o Sr. Gómez Pérez.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial “OU-1114 Vilar de Santos (OU-321)-Ponteliñares (OU-301)”, n.º 103/PB/2013, no Concello de Vilar de Santos, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	N.º PARCELA/POL. CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M ² EXPROP
6	1163/501	MONTE	MANUEL LAMA ANDRADE	162,61
13	1074/501	MONTE	ISABEL QUINTAS DACAL	69,69
14	1076/501	LABRADÍO	XESTORA BANTEGAL, S.A.	83,58
15	1077/501	MONTE	BENITO SALGADO ALVAREZ	32,43

4º.- Notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

10º.- RATIFICACIÓN DA SUBSCRICIÓN DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE BEADE, PARA A REHABILITACIÓN DA CASA DO CONCELLO DE BEADE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que o Sr. presidente acaba de ser tan democrata como o señor ao que se lle vai aprobar este convenio. Anuncia que van votar a favor, pero quéixase de que non o deixaran falar nin un minuto cando o portavoz do Grupo Popular falou 16 minutos na segunda intervención dos orzamentos.

Intervén o **Sr. presidente** para dicirlle de novo ao Sr. Gómez Pérez que fale do protocolo de colaboración e que en todas as institucións hai unha normas que hai que cumprir.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Ratificar a subscrición do Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o concello de Beade para a rehabilitación da casa do concello de Beade, asinado na data 19.09.2014 polos representantes das tres

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

administracións implicadas.

11º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE XUÑO, 1º DE XULLO E 1º DE AGOSTO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de setembro de 2014, e dos seguintes adicionais: 2º de xuño, 1º de xullo e 1º de agosto de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 1º DE XULLO E 1º DE AGOSTO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de setembro de 2014 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que se presentaron as seguintes mocións, unha do BNG e outra da Presidencia:

13ºA.- MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS DO GOBERNO GALEGO PARA EVITAR A DISCRIMINACIÓN QUE SOFREN OS EMIGRANTES RETORNADOS COA TRIBUTACIÓN DAS PENSÍONS PERCIBIDAS NO ESTRANXEIRO.-

Logo da declaración, por unanimidade, da urxencia da moción, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez, para que expoña o seu contido.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, antes de iniciar o debate dálles a benvida aos afectados e afectadas deste abuso fiscal, e agradécelles que conseguiran aguantar durante todo este tempo a lapidación de cifras ás que nos somete a todos o debate orzamentario. A continuación dálle lectura á moción, co seguinte contido: Os anuncios dunha vindeira reforma fiscal que englobe unha regularización das rendas percibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados non é dabondo para equiparar o tratamento fiscal equitativo, xa que só pretende ofrecer un procedemento para tributar baixo o marco tributario vixente, demorando no tempo a obriga fiscal, mais en todo caso impondo unha tributación diferenciada da aplicábel a outras persoas que perciben pensións. Por todo iso, o Goberno Galego non pode permanecer alleo a ese inxusto trato fiscal dado a miles de persoas emigrantes retornadas, e ofrecer unha solución normativa propia que vaia alén dunha regularización baixo o marco dunha discutíbel regulación fiscal, senón que lles proporcione unha nova regulación tributaria fundada na equidade, e con vocación de permanencia. Isto pasa a xuízo do Grupo do Bloque Nacionalista Galego pola modificación de diversos preceptos da Lei 35/2006 que como consecuencia da súa aplicación resulta dito trato discriminatorio. Por todo o anterior exposto O Grupo do Bloque Nacionalista Galego, propón, para o seu debate e aprobación, o seguinte acordo: o Pleno da Deputación insta ao Goberno Galego a reclamar do Goberno do Estado a que no marco da modificación fiscal que está tramitando se modifique a Lei 35/2006 para garantir que as pensións que perciben os e as emigrantes retornadas do estranxeiro teñan un trato fiscal idéntico ao resto dos pensionistas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dálles as grazas ás persoas que nos acompañan hoxe, que supón son afectados y pensionistas retornados que sofren en carne propia o que lles está a facer este goberno. De todos é coñecido que levan tempo reclamando unha demanda, que parece ser, non atendida polo Goberno do Estado. Pídelle ao Sr. presidente que voten a favor, ao igual que o fixeron unanimemente no Parlamento de Galicia para que o Goberno de España escoite que estas persoas que están hoxe aquí e outros moitos que están nas súas casas, atendendo ás súas familias porque non as poden deixar, non son defraudadores, nunca tiveron intención de defraudar á facenda pública. Están sendo acosados polo Sr. Montoro e polo Ministerio de Facenda en lugar de estar acosando a outras persoas coas que espertamos todos os días nos medios de comunicación, como grandes defraudadores, grandes estafadores e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

xente que está carcomida pola corrupción e que levan anos e anos saqueando a este país e ás institucións. A xente xa está farta de espertar con titulares e de que aquí só se persiga aos pequenos, á xente que tivo que emigrar no seu día e que tivo que marchar ao estranxeiro, que retornou a España e trouxo moitos cartos para Galicia e para os seus pobos. Xente que no seu día deixou o seu fogar, deixou aquí aos seus fillos, netos ou pais, para buscar unha vida mellor noutro país e agora cando volven, cando tiñan que ter unha vellez tranquila e relaxada, para botarlle a man aos seus fillos e netos, se é que é posible, resulta que se ven acosados e moitas veces sancionados porque non tributaron catro anos para atrás por unhas pensións das que en ningún momento ninguén lles dixo que o tiñan que facer. O presidente da Xunta de Galicia dixo que se eles teñen algunha responsabilidade a administración tamén a ten, porque nunca se lles advertiu de que tiñan que declarar esas pensións. Efectivamente, a Lei 35/2007, contempla que os pensionistas que perciban dúas pensións, unha aquí e outra do estranxeiro, teñen que tributar a partir de 11.000 euros, e resulta que un pensionista español que perciba unha soa pensión só tributa a partir de 22.000 euros. Cre que é de xustiza que se reclame ante o Parlamento de Galicia e que o Sr. Feijóo lle poña as pilas ao Sr. Rajoy para que isto cambie. Xa estamos todos cansados de que este goberno do Sr. Rajoy governe por decreto e que todos os venres a Sra. Sáenz de Santamaría nos sorprenda ao mediodía cun xornal que máis vale apagar a televisión polas medidas que adopta. Cando un país está a sufrir, cando unhas persoas xubiladas non poden vivir a súa vellez con tranquilidade, algo se está a facer moi mal neste país, sobre todo someténdoos a unha carga financeira que moitos deles non poden soportar, porque están a axudar a outros que si o están necesitado, como os fillos e os netos, que moitas veces collen a maleta, como a colleron eles hai 30 ou 40 anos, para ir cara ao estranxeiro. Xa está ben de hipocrisía e botémoslle a man a quen lla temos que botar. Dálles as grazas ás persoas presentes no salón por estar aguantando un plenario (que debía ser monográfico) tedioso e farragoso e dálle vergonza formar parte das institucións nas que se están botando na cara moitos improprios, “y tu más y tu más”. A xente xa está cansa do “y tu más”. A xente quere que este país funcione, que non lles roube como roubaron a moitos preferentistas, cando os membros dos consellos de administracións o levaban branco e migado a paraísos fiscais e despois volvía aquí a branquexalo ao 10% mediante esas famosas amnistías fiscais que o ministro Montoro (o mesmo que presiona a esta xente) fai para os grandes defraudadores.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a súa intención non é buscar o aplauso nin botarlle nada enfronte a ninguén. A Sra. Lama traía o discurso preparado pero quere apuntar que a Lei 35/2006 que citou foi aprobada polo goberno socialista e tivo tempo de modificala. Anuncia que votarán a favor, pero non porque llo pida a Sra. Lama. Di que o goberno xa aprobou un proceso de regularización desde o 1 de xaneiro de 2015 para os pensionistas retornados. Os pensionistas non terán que pagar sancións, recargas nin xuros de demora polas pensións percibidas. A todos aqueles que xa pagaron se lles devolverán as sancións, as recargas e os xuros de demora. Os afectados poderanse acoller a fraccionamentos e aprazamentos, tal e como establece a lei. Unha vez que se abra o proceso extraordinario de regularización, que durará ata o vindeiro 30 de xuño, devolveranse as sancións xa cobradas e condonaranse todas as restantes. Este proceso soluciona a principal reclamación dos pensionistas retornados, que era a de non ser tratados como defraudadores. Esta demanda é a que aprobou por unanimidade o Parlamento en 2013. A modificación normativa que aprobou o goberno, evitará discriminacións entre os pensionistas que estiveron na emigración e aqueles que traballaron en España e que tributaron polas súas pensións recibidas.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que o *plausómetro* noutras circunstancias si que gusta. Alégrase de que todos estean de acordo neste tema, pero en todo caso o que se propón non é máis que un parche ou unha chapuza, porque non aclara as obrigas de quen debe presentar a renda e crea máis inseguridades xurídicas cos afectados e afectadas. As medidas necesarias serían a reforma da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a modificación parcial das leis de impostos sobre sociedades, relativa á tributación das pensións públicas percibidas por persoas retornadas de estados cos que existe convenio sobre dobre imposición, e sobre todo que en ningún caso as sancións tivesen carácter retroactivo. Xa se falou da diferenza existente nos límites a partir dos cales hai que tributar. Se este país tivese competencias propias en Facenda, o que lles está pasando a estes afectados non lles estaría pasando. Hai que deixar claro que estas persoas non son defraudadoras. Os verdadeiros defraudadores superan as nosas fronteiras e están cada vez máis preto da rúa Xénova. A verdadeira realidade é que se seque acosando a esta xente, e se agora dan voltas no camiño é polo seu propio esforzo e porque loitan polos seus dereitos. A esta xente hai que recoñecerlle que marcharon polo mundo, cunha man diante e outra detrás, e que viñeran a este país investir os seus cartos (moitos deles roubados polas preferentes e as subordinadas). Deberíamos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

aprender coas horas de debate que se levan para que esta provincia saia adiante, os mozos, as familias e que non pase o mesmo. Polo menos aprendamos a lección.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que ela non vén aquí buscar o aplauso de ninguén e botoulle na cara que esa Lei é de 2006 e pregunta que, xa que o Partido Popular, cando goberna, se encarga de cambiar moitas leis, por qué non cambiaron esta, e aínda que a lei é de 2006, nunca se aplicou de 2006 a 2011. Foi o Partido Popular o ano pasado o que lle mandou as notificacións á xente ás súas casas dicíndolles que tiñan que tributar catro anos para atrás, así como as sancións e os xuros de demora. Pregunta se o Sr. Montoro lles vai devolver os xuros dos cartos que estiveron en Facenda e non estiveron nas cartillas dos aforradores (iso aínda non o dixo). De momento teñen un período de seis meses para regularizar a súa situación. O que hai que facer é cambiar a lei, faga quen a faga, dá igual que sexa un goberno de dereitas ou de esquerdas. O Partido Popular sempre cambia as leis para favorecer aos mesmos e non para favorecer aos pequenos. Estase a ver cos recortes que fan en todos os servizos e en todos os ámbitos. Este colectivo era un colectivo moi fácil de atacar, porque aquí, en Andalucía, en Extremadura, onde hai bolsas de emigrantes, foi onde se lles mandaron as cartas. Hai outras comunidades nas que non se recibiron esas notificacións. Os aplausos gústannos a todos, á veces merecidos e outras veces non. Ela vén aquí defender unha moción que presentou un grupo e parécelle de xustiza defendela. En primeiro lugar porque é filla de emigrantes, dunha nai con nove irmáns que emigraron todos e algún está baixo terra despois de ter pagado o que pagaron estes señores. Por iso se enerva ante temas de tanta inxustiza e deste calado. Non quere aplausos de ninguén, só quere que recoñezan unha realidade. O Partido Popular ataca sempre aos pequenos e defenden sempre aos grandes, así lles vai. O tempo poraos no seu día, máis pronto que tarde, no lugar que lles corresponde, que é na rúa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai entrar en mitins. Dille á Sra. Lama que fillo de emigrante tamén é el e neste Pleno hai máis que son fillos de emigrantes. Pídelles que volvan escoitar á súa intervención porque como traen o discurso preparado parece que non o escoitaron.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que cando o portavoz do Grupo Popular falou do discurso preparado, viu moitas risas na bancada de enfronte e que a moitos deles nunca

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

os oíu falar neste pleno, e se cadra nin con discurso preparado son capaces de defender algo, porque non teñen a capacidade de pensar.

Intervén o **Sr. presidente** para pedirlle ao Sr. Iglesias Pérez que non lle falte ao respecto a ninguén.

Continúa o **Sr. Iglesias Pérez** dicindo que lle vai deixar unha pregunta ao Sr. presidente, porque parece que ten moi claro que isto se vai arranxar. A pregunta é a seguinte: se se vai solucionar a partir do 1 de xaneiro ¿qué sentido ten que se sigan embargando as contas desta xente?

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación insta ao Goberno Galego a reclamar do Goberno do Estado a que no marco da modificación fiscal que está tramitando se modifique a Lei 35/2006 para garantir que as pensións que perciben os e as emigrantes retornados do estranxeiro teñan un trato fiscal idéntico ao resto dos pensionistas.

13ºB.- EXPROPIACIÓN FORZOSA URXENTE PARA A OCUPACIÓN TEMPORAL PARA A REDACCIÓN DO “PROXECTO DE TRAZADO DE ACCESO Ó NÚCLEO DE POBOACIÓN DE SAN VICENTE DE LEIRA”, NO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.-

Logo a declaración, por unanimidade, da urxencia da moción, o Sr. secretario dá lectura á moción da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que en principio (sen non hai outra letra pequena) o seu grupo non ten inconveniente en votar a favor. En todo caso, a ver se coas novas tecnoloxías xa non hai que invadir terras. Pide que os predios que agora se ocupan queden despois en perfecto estado para o seu uso, porque ao parecer hai referencias de que outras veces quedan nos predios valados tirados e todo descontrolado.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que o seu grupo se vai abster, porque entenden que este é un mecanismo para avanzar neste proxecto, pero había unha comisión que se creou para este asunto e non sabe xa canto tempo leva sen reunirse. Cre que este tipo de cousas se poderían ter arranxado con diálogo, pero o Sr. presidente non o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

práctica, porque cando veñen aquí os afectados non os recibe. Non terían problema en aprobar este mecanismo, pero hai que lembrar que este asunto xa vén de 20 anos atrás. Pensa que se houbera máis información e o Sr. presidente dese a cara, ao mellor as cousas eran doutro xeito. Non fala pola súa boca, senón que o fai polas persoas que o están a dicir. Os veciños queren que a estrada concorra por onde ten que concorrer e que se arranxe dunha santa vez.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se trata dun problema moi grave, que vén de moitos anos atrás. Cónstalle que houbo moitas reunións cos técnicos, co secretario, co vicepresidente (incluso estivo el nalgunha). Agora toca deixarse de palabras e poñerse nos feitos e niso se está.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa moción, el co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do BNG (2) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ter por declarada a utilidade pública a ocupación temporal dos bens e dereitos que continuación se relacionan de conformidade co disposto no artigo 18.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

2º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

N.º EXPTE.	PARCELA	NºPOLÍGONO/PARCELA CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M2 OCUPACION TEMPORAL
1		17/3591	RÚSTICA	ROGELIO ARIAS RODRIGUEZ	744
2		25/1596	RUSTICA	C.M.V.M.C DE SAN VICENTE DE LEIRA	64
3		17/3315	RUSTICA	JOSE LUIS ALVAREZ ALVAREZ	64
4		27/2330	RUSTICA	ENRIQUE TRINCADO ALVAREZ	7,20
5		27/2329	RUSTICA	MARÍA FERNANDEZ ALVAREZ	74
6		27/2491	RUSTICA	LISARDO FERNANDEZ ALVAREZ	64
7		27/2497	RUSTICA	PEDRO ALVAREZ SANCHEZ	64

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

3º.- Publicar e notificar este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta, en primeiro lugar, que o Sr. presidente se reuniu, a finais de agosto con representantes da plataforma contra a autoestrada A-76. Informou das xestións que realizou diante do daquela secretario de Estado de Infraestruturas do Ministerio de Fomento, Rafael Catalá, de quen conseguiu o compromiso para que se abra un novo período de información pública para o tramo da A-76 ao seu paso por Penalba (Nogueira de Ramuín), tal e como solicitaban os veciños, coa finalidade de que os interesados poidan presentar as alegacións oportunas. A realidade e que os veciñ@s non teñen constancia por escrito de tal compromiso e nomeamento do secretario de Estado como Ministro de Xustiza podería provocar que aqueles compromisos verbais quedaran en augas de borralla. Polo que o BNG desexa saber se o Sr. presidente se entrevistou co novo secretario de Estado de Infraestruturas. En caso afirmativo, pregunta se se reafirma nos compromisos contraídos, e sen non o fixo pregunta se ten pensado facelo. En segundo lugar, di que Castrelo de Miño conta desde hai anos cun dos 3 campos de regatas con categoría de olímpico que existen no Estado Español. Os outros dous son Banyoles e a Cartuja. Parece pouco entendible, agás que haxa unha intencionalidade espuria, que dado que Castrelo é unha referencia a nivel mundial en deportes acuáticos, nas súas distintas modalidades, desde o INORDE se saquen da manga un monstro chamado CERLA (Centro de alto rendemento de remo de Laias), cando todos sabemos que, tanto o centro de alto rendemento, como o ximnasio, como o campo de regatas está en Castrelo. Pregunta a qué obedece este cambio de marca, e se forma parte da nova estratexia do INORDE, para posicionar á provincia no exterior. En terceiro lugar, pregunta se lles poderían dicir a canto ascenderon os gastos da xornada de presidentes así como os da xornada de transparencia realizados recentemente. En cuarto lugar, pregunta se o Sr. presidente ten coñecemento de que con respecto ás depuradoras de Penalba e Viñoás, no Concello de Nogueira, hai presentada unha denuncia dun particular e, en caso afirmativo, se podería explicarlles cal é o obxecto da denuncia. Por último, e incidindo na aplicación de herbicidas nas marxes das estradas, pregunta se o protocolo que utiliza esta casa é que dous operarios con máscaras, coas ventás abertas, sentados no lugar do piloto e do copiloto, apliquen o herbicida desde a ventá do coche, sen ningún outro tipo de protección. Se é así está errado, e se no o é

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

pide que lles dean un aviso aos operarios, porque non é saudable para eles nin para a imaxe da provincia nin desta institución.

O Sr. presidente responde, en relación coa A-76, que se produciu unha reunión cos veciños en setembro, despois houbo un cambio co nomeamento do novo ministro de Xustiza, pero mantivo unha xuntanza tanto co novo secretario de Estado como coa ministra de Fomento, na que ratificaron a vixencia de todos aqueles compromisos. Está á espera de manter unha reunión coa plataforma e cos representantes do Ministerio, para enfocar nos próximos meses, habida conta de que aínda non se abriu o período de información pública, porque sempre se farían despois de licitar os outros tramos que pasan pola provincia de Ourense. Con relación a Castrelo de Miño, manifesta que non hai ningunha dúbida de que é o elemento tractor da náutica en Ourense, en Galicia e en España. Neste momento estanse facendo actuacións en Laias, pero iso non quita en absoluto que a prioridade máis grande en materia de deportes náuticos sexa Castrelo de Miño, que conta cunha deficiencia neste momento que é a imposibilidade de aloxar a un número determinado de persoas que compoñen habitualmente os equipos. Esa cuestión estase tratando directamente coa Xunta de Galicia para que faga un gran investimento en Castrelo para que vaia acompañada a calidade e a idoneidade das augas, as láminas para facer as prácticas e incluso a propia competición, coa capacidade para poder aloxar aos membros dos equipos que veñen tanto para adestrar como para competir. En canto aos gastos das xornadas polas que pregunto cre que xa foron facilitados pero non ten inconveniente en volvelos facilitar, así como os gastos da xornada de transparencia que se fixo conxuntamente coa Fundación Democracia e Goberno Local. En canto a que se ten coñecemento dalgunha denuncia dalgunha depuradora en Penalba ou Viñoás, di que non ten coñecemento de ningunha, pero indagará se existe algunha e se é así responderalle con gusto. Imaxina que se está a cumprir o protocolo de tratamento con fitosanitarios, pero de todos modos porase en contacto coa Área de Medio Ambiente da Deputación para preguntar por este tema, que, evidentemente, se se produciu tal e como dixo o Sr. Iglesias, tamén o rexeita e terase que corrixir.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta, en primeiro lugar, cómo están as xestións para a declaración de patrimonio da humanidade da Ribeira Sacra por parte das demais administracións, concretamente a Xunta de Galicia e o Goberno de España. En segundo lugar pregunta se se está estudando algunha achega económica ao Concello de Xinzo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

de Limia para poder contratar persoal para o conservatorio de música, porque están un pouco apertados.

O **Sr. presidente** responde, en relación co procedemento para a declaración pola UNESCO da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, que existe unha comisión que está a facer o seu traballo. Desá comisión forman parte representantes das dúas deputacións, a de Lugo e a de Ourense, e tamén dos concellos que entran dentro do ámbito xeográfico da Ribeira Sacra e cónstalle que o están a facer con total normalidade, coordinadamente cos técnicos da Universidade de Santiago, que se están encargando de facer a achega académica e científica para que teña máis peso e sexa máis sólida a candidatura. Tamén lle consta que a Xunta de Galicia está participando activamente e o Goberno do Estado, no seu momento, priorizará esa declaración unha vez que estea o expediente completado. Pensa que non será posible en 2015 por cuestión de prazos e haberá que pensar máis en 2016. Con relación ao conservatorio de Xinzo de Limia, di que lle consta esa necesidade por conversas directas co alcalde e estase pechando esa colaboración para que desde a Deputación se axude para arranxar esa situación e poder desenvolver as súas actividades con total normalidade.

D. Guillermo Fernández Dopazo, do Grupo Socialista, quere facer unha pregunta que lle trasladan os compañeiro de Piñor con respecto ás granxas de coellos do Reino. Esa granxa leva tempo sen actividade e nos últimos quince días parece ser que ven movemento de xente e de vehículos, polo que queren saber se hai algún proxecto para aquel lugar ou se está a facer algo. Non teñen constancia de que se solicitase ningunha licenza no concello.

O **Sr. presidente** responde que o que se vai facer, tal e como se propuxo no Plan Ourense 92, é deixar de xestionar directamente esas granxas mantendo a titularidade, e estanse facendo melloras nas instalacións para que, no seu momento, de conformidade cos criterios técnicos que se están a elaborar na Área de Medio Ambiente e no seu Servizo de Medio Rural, poder poñela no mercado para que calquera persoa interesada na súa explotación poida xestionala.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, roga que non se paralice a A-76 por Valdeorras, porque é indispensable para a comarca. Pregunta se na Deputación se está facer algo co tema da factura electrónica, que vai ser obrigatoria a partir do 15 de xaneiro, e ata os provedores van ter problemas con este tema. Pensou que ía tratar neste pleno porque ten entendido que hai que tomar un acordo plenario. En canto á resposta sobre a canceira da Rúa, di

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de outubro de 2014

que a pregunta que fixo no seu día era para avisar aos veciños de que xa estaba aberta a canceira e que tiñan ese servizo, e no canto de recibir unha desculpa por parte da Deputación, case lle baten, e ao día de hoxe aínda non se lle comunicou nada.

O **Sr. presidente** di que toma nota do rogo en relación coa A-76 e que en todas as conversas co Ministerio quedou claro que esa excepcional apertura dun novo período de información pública polo que respecta á zona da Penalva non ía traer consigo ningún tipo de retraso na licitación e adxudicación dos outros tramos que pasan pola provincia. Con relación á factura electrónica di que se está traballando para que sexa unha realidade nos prazos establecidos pola lei e ademais, como xa se puxo de relevo por parte do portavoz do Grupo Popular noutro punto da orde do día, tamén hai a intención de poñer a disposición dos concellos un aplicativo para que tamén eles se poidan beneficiar desa situación e poidan implementar esa importante forma no ámbito da contratación electrónica nas corporacións locais da provincia. Respecto da canceira da Rúa imaxina que a resposta foi elaborada polos técnicos do servizo de Medio Rural desta Deputación e tócalle a el dicir que o sente e que non volverá suceder. Evidentemente houbo un fallo de comunicación que non debiera de existir, para que todos os veciños e veciñas teñan constancia da existencia deste novo servizo intermunicipal que puxo a disposición dos concellos da provincia esta Deputación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, rógalle ao Sr. presidente que cando el diga algo que o grupo de goberno crea que é merecedor de ir ao xulgado, fagan o que teñan que facer e que se deixen de ameazas veladas, porque no momento no que o Grupo Socialista descubriu unha serie de problemática cos fondos europeos, que ao final están onde están, tamén se fixo esa ameaza velada. Manifesta que el non di cousas que non as teña antes acreditadas e se a alguén lle molestan no é el quen as fai, simplemente as pon en valor. Para finalizar di que para ser valente e vir aquí dicir as cousas a el non lle fai falta nin coleta nin outras cousas.

O **Sr. presidente** responde que toma nota.

E, ás 14.10 horas do citado día trinta e un de outubro dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,